



PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

CURSO 2021-2022

*Escolma de fotos de actividades
organizadas ou participadas por
este departamento durante o curso
2020-21*



Índice

Introdución e contextualización.....	8
Características xerais do Centro.....	8
Equipamentos e servizos do Centro.....	8
Reparto de grupos e horas.....	9
Material do Departamento.....	12
Libros de texto.....	13
Medidas a ter en conta na programación pola situación de pandemia do COVID-19.....	13
Programación por cursos.....	14
Introdución.....	14
1º ESO.....	16
Detección de aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.....	16
Secuencia de contidos de 1º ESO.....	16
Temporalización 1º ESO.....	20
Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe 1º ESO.....	22
Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición de competencias clave en 1º ESO.....	38
Procedementos e instrumentos de avaliación 1º ESO.....	39
Avaliacións trimestrais.....	39
Avaliación final ordinaria do mes de xuño.....	42
Avaliación final extraordinaria do mes de xuño.....	42
Adaptacións necesarias no caso de ensino non presencial.....	43
2º ESO.....	44
Detección de aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.....	44
Secuencia de contidos de 2º ESO.....	44
Temporalización 2º ESO.....	49
Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe 2º ESO.....	50
Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición de competencias clave en 2º ESO. Actualizado.....	62
Avaliacións trimestrais.....	79
Avaliación final ordinaria do mes de xuño.....	83

Avaliación final extraordinaria do mes de xuño.....	83
Adaptacións necesarias no caso de ensino non presencial.....	83
Adaptacións necesarias no caso de ensino semipresencial.....	84
3º ESO.....	84
3º ESO. Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Académicas.....	84
Detección de aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.....	84
Secuencia de contidos 3º ESO Académicas.....	84
Temporalización 3º ESO Académicas.....	88
Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe 3º ESO Académicas.....	90
Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición de competencias clave en 3º ESO Matemáticas Académicas.....	103
Procedementos e instrumentos de avaliación 3º ESO Académicas.....	104
Avaliacións trimestrais.....	105
Avaliación final ordinaria do mes de xuño.....	106
Avaliación final extraordinaria do mes de xuño.....	106
Adaptacións necesarias no caso de ensino non presencial.....	107
Adaptacións necesarias no caso de ensino semipresencial.....	107
3º ESO. Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.....	107
Secuencia de contidos 3º ESO Aplicadas.....	107
Temporalización 3º ESO Aplicadas.....	111
Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe 3º ESO Aplicadas.....	113
Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición de competencias clave en 3º ESO Aplicadas.....	125
Procedementos e instrumentos de avaliación 3º ESO Aplicadas.....	126
Avaliacións trimestrais.....	127
Avaliación final ordinaria do mes de xuño.....	128
Avaliación final extraordinaria do mes de xuño.....	128
Adaptacións necesarias no caso de ensino non presencial.....	129
Adaptacións necesarias no caso de ensino semipresencial.....	129
4º ESO.....	130
4ºESO. Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Académicas.....	130
Detección de aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.....	130
Secuencia de contidos 4º ESO Académicas.....	130
Temporalización 4º ESO Académicas.....	134
Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe 4º ESO Académicas.....	135

Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición de competencias clave. 4º ESO Académicas.....	155
Procedementos e instrumentos de avaliación 4º ESO Académicas.....	156
Avaliacións trimestrais.....	157
Avaliación final ordinaria do mes de xuño.....	158
Avaliación final extraordinaria do mes de xuño.....	158
Adaptacións necesarias no caso de ensino non presencial.....	158
Adaptacións necesarias no caso de ensino semipresencial.....	158
4º ESO. Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.....	159
Secuencia de contidos 4º ESO Aplicadas.....	159
Temporalización 4º ESO Aplicadas.....	162
Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe 4º ESO Aplicadas.....	163
Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición de competencias clave en 4º ESO Aplicadas.....	175
Procedementos e instrumentos de avaliación 4º ESO Aplicadas.....	177
Avaliacións trimestrais.....	177
Avaliación final ordinaria do mes de xuño.....	178
Avaliación final extraordinaria do mes de xuño.....	179
Adaptacións necesarias no caso de ensino non presencial.....	179
Adaptacións necesarias no caso de ensino semipresencial.....	179
BACHARELATO: MATEMÁTICAS I.....	180
Detección de aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.....	180
Secuencia de contidos de Matemáticas I.....	180
Temporalización Matemáticas I.....	187
Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe Matemáticas I.....	188
Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición de competencias clave en Matemáticas I.....	203
Procedementos e instrumentos de avaliación Matemáticas I.....	205
Avaliacións trimestrais.....	206
Avaliación final ordinaria do mes de xuño.....	207
Avaliación final extraordinaria do mes de xuño.....	207
Adaptacións xerais necesarias no caso de ensino semipresencial e non presencial.....	207
Adaptación ao ensino semipresencial Matemáticas I.....	208
Bacharelato: Matemáticas II.....	209
Detección de aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.....	209
Secuencia de contidos de Matemáticas II.....	209

Temporalización Matemáticas II.....	213
Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe Matemáticas II.....	214
Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición de competencias clave en Matemáticas II.....	227
Procedementos e instrumentos de avaliación Matemáticas II.....	229
CUALIFICACIÓN FINAL:.....	230
Avaliación final extraordinaria do mes de xuño.....	231
Adaptacións necesarias no caso de ensino non presencial.....	231
Adaptación ao ensino semipresencial Matemáticas II.....	232
Metodoloxía no caso de ensino non presencial Matemáticas II.....	232
BACHARELATO: MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I.....	233
Detección de aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.....	233
Secuencia de contidos de Matemáticas Aplicadas I.....	233
Temporalización Matemáticas Aplicadas I.....	238
Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe Matemáticas Aplicadas I.....	239
Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición de competencias clave en Matemáticas Aplicadas I.....	251
Procedementos e instrumentos de avaliación Matemáticas Aplicadas I.....	253
Matemáticas Aplicadas I.....	253
Avaliacións trimestrais.....	253
Sistema de avaliación:.....	253
Criterios e sistema de cualificación:.....	253
Sistema de recuperación das partes suspensas:.....	254
<i>Avaliación final ordinaria do mes de xuño:</i>	254
<i>Avaliación final extraordinaria do mes de xuño:</i>	255
<i>Adaptación ao ensino semipresencial Matemáticas Aplicadas I.....</i>	255
<i>Metodoloxía no caso de ensino non presencial Matemáticas Aplicadas I.....</i>	256
BACHARELATO: MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II.....	256
Detección de aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.....	256
Secuencia de contidos de Matemáticas Aplicadas II.....	256
Temporalización Matemáticas Aplicadas II.....	259
Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe Matemáticas Aplicadas II.....	261
Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición de competencias clave en Matemáticas Aplicadas II.....	270
Procedementos e instrumentos de avaliación Matemáticas Aplicadas II.....	272
Adaptación ao ensino semipresencial Matemáticas Aplicadas II.....	272

Metodoloxía no caso de ensino non presencial Matemáticas Aplicadas II.....	272
Avaliacións trimestrais.....	273
Sistema de avaliación e criterios de cualificación.....	273
<i>Avaliación final ordinaria do mes de maio:</i>	274
Avaliación final extraordinaria do mes de xuño.....	274
2º BACHARELATO: MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS.....	275
Propostas de mellora derivadas de cursos anteriores.....	275
Obxectivos xerais Métodos Estadísticos e Numéricos.....	275
Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición de competencias clave en Métodos Estadísticos e Numéricos.....	277
Temporalización e secuenciación Métodos Estadísticos e Numéricos.....	279
Procedementos e instrumentos de avaliación Métodos Estadísticos e Numéricos.....	280
Avaliacións trimestrais.....	280
Criterios e sistema de cualificación:.....	281
Avaliacións trimestrais.....	281
Avaliación final extraordinaria.....	283
Metodoloxía.....	283
Adaptación ao ensino semipresencial. Métodos Estadísticos e Numéricos.....	283
Metodoloxía no caso de ensino non presencial Métodos Estadísticos e Numéricos.....	284
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN – ENSINO ADULTOS.....	285
AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA:.....	286
AVALIACIÓN EN CASO DE PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA:.....	287
AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA:.....	287
ADAPTACIÓNS XERAIS NECESARIAS NO CASO DE ENSINO PRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL EN BACHARELATO DE ADULTOS.....	287
Metodoloxía didáctica.....	289
Metodoloxía na ESO.....	290
Metodoloxía no Bacharelato.....	290
Materiais e recursos didácticos.....	291
Avaliación en caso de perda do dereito á avaliación continua.....	292
Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	292
Materias pendentes.....	294
Plans de traballo para a superación de materias pendentes.....	294
Procedementos para a cualificación das pendentes.....	294
Atención á diversidade.....	295

Temas transversais na ESO.....	296
Temas transversais no Bacharelato.....	297
Actividades complementarias e extraescolares.....	298
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica.....	299
Anexo I: Rubrica para avaliar en 3º e 4ºESO: caderno, tarefas e actitude en clase.....	300
Anexo II:PMAR 3ºESO: Ámbito Científico-Tecnolóxico do Programa de Mellora de Aprendizaxe.....	302
Obxectivos-Contidos-criterios de avaliación-estándares de aprendizaxe- competencias básicas.....	303
Contidos do Curso :.....	305
Indicadores de logro:.....	320
Temporalización:.....	321
Avaliación-Procedementos-Instrumentos-Criterios de cualificación.....	322
Criterios de avaliación en relación coas competencias básicas.....	324
Contidos mínimos esixibles.....	325
Procedementos e instrumentos de avaliación.....	327
Rúbrica para observación sistemática.....	328
Criterios de cualificación.....	330
Avaliación final ordinaria do mes de xuño.....	331
Avaliación final extraordinaria do mes de xuño.....	331

Introdución e contextualización

Características xerais do Centro

O I.E.S. Nº1 está situado na localidade de Ribeira, na provincia da Coruña. A situación xeográfica do municipio favorece algúns condicionantes, como é o feito de que a contorna achega gran variedade de recursos sanitarios, culturais, actividades deportivas e de lecer, servizos sociais, etc. Unha boa parte da poboación exerce a súa actividade ao redor da pesca, industrias e actividades afíns e no pequeno comercio.

No Centro impártense as seguintes ensinanzas:

ESO

BACHARELATO ENSINO ORDINARIO

ESA

BACHARELATO ENSINO DE ADULTOS

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA (Centro asociado)

As instalacións son compartidas pola ESCOLA DE IDIOMAS en horario de tarde.

Equipamentos e servizos do Centro

- Biblioteca, dotada de libros de consulta e lectura, con capacidade para unhas 70 persoas. Dispón dun Plan de Biblioteca con servizo de empréstamo durante o horario lectivo, con subscrición a revistas científicas e de lecer, prensa diaria, arquivo de películas e documentais, dicionarios... Consta, ademais, de 6 ordenadores con conexión a internet, para o seu emprego como ferramenta didáctica. Está dividida en seccións: de traballo, de lectura, de andeis e de ordenadores.
- Tódalas aulas grandes con ordenador, canón, PDI e internet.
- Aula de informática I equipada con 30 ordenadores con acceso a Internet + ordenador do profesor, pantalla e canón.
- Aula de informática II equipada con 26 ordenadores con acceso a Internet + ordenador do profesor, PDI e canón.
- Aula de tecnoloxía equipada con ordenadores con acceso a Internet.
- Aula de música. Reconvertida este curso 2020-21 en aula normal.

- Laboratorios de : Física, Química e Ciencias Naturais.
- Aula de Debuxo Técnico e aula de Educación Plástica.
- Departamento de Orientación.
- Dúas aulas para titorías.
- Sala de Reunións.
- Secretaría
- Dirección e Xefatura
- Sala de profesores equipada con 8 ordenadores e unha impresora
- Aulas para Departamentos, a maioría compartidas, equipadas con ordenador e /ou impresora por Seminario
- Aula de Convivencia reconvertida no curso 2020-21 en Aula COVID
- Salón de actos cun aforo duns 80 persoas e dotado de canón, pantalla, vídeo, sistema de megafonía e equipo de música.
- Pavillón polideportivo.
- Conserxería Servizo de reprografía e informática.
- Servizo de cafetería.
- O centro conta con accesibilidade de alumnado con minusvalías...etc.
- Dúas pistas polideportivas, patio, xardín e soportal cuberto.
- Almacén- Baños

Reparto de grupos e horas

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA		
Nivel	Grupo	PROFESOR/A
1º ESO	1ºA Matemáticas (5h)	Mª Teresa Castro Bustelo
	1º A Reforzo de Matemáticas (1h)	Mª Teresa Castro Bustelo
	1ºB Matemáticas (5h)+1h Tit.	Mª Teresa Castro Bustelo
	1º B Reforzo de Matemáticas (1h)	Cándido Dacosta Lago

	1º C Matemáticas (5h)	M ^a Teresa Castro Bustelo
	1º C Refuerzo de Matemáticas (1h)	Pilar Pena Fernández
2º ESO	2º A Matemáticas (5h)	Inés Muñiz Muñiz
	2º A Refuerzo de Matemáticas (2h)	Inés Muñiz Muñiz
	2º B Matemáticas (5h)	Esperanza Arias Arnosó
	2º B Refuerzo de Matemáticas (2h)	Francisco J. Varela Frade
	2º C Matemáticas (5h)	Esperanza Arias Arnosó
	2º C Refuerzo de Matemáticas (2h)	Ana M ^a Martínez Morales
3º ESO	3º A Matemáticas Académicas (4h)	Ana M ^a Martínez Morales
	3º B Matemáticas Académicas (4h)	Inés Muñiz Muñiz
	3º C Matemáticas Académicas (4h)	Ana M ^a Martínez Morales
	3º B Matemáticas Aplicadas (4h)	Pilar Pena Fernández
	3º PMAR (8h)	Pilar Pena Fernández
4º ESO	4º A Matemáticas Académ. (4h)+1h Tit	Esperanza Arias Arnosó
	4º B Matemáticas Académicas (4h)	Ana M ^a Martínez Morales
	4º C Matemáticas Académicas (4h)	Ana M ^a Martínez Morales
	4º C Matemáticas Aplicadas (4h)	Esperanza Arias Arnosó

BACHARELATO ENSINO ORDINARIO		
Nivel	Grupo	PROFESOR/A
1º BACHARELATO	1ºA Matemáticas I (4h)	Francisco J. Varela Frade
	1ºB Matemáticas I (4h)	Francisco J. Varela Frade
	1ºC+D Matemáticas Aplicadas I (4h)	Cándido Dacosta Lago
	1ºD Matemáticas Aplicadas I (4h)	Cándido Dacosta Lago
2º BACHARELATO	2ºA Matemáticas II (4h)	Francisco J. Varela Frade
	2ºB Matemáticas II (4h)	Francisco J. Varela Frade
	2ºC Matemáticas Aplicadas II (4h)	Inés Muñiz Muñiz
	2ºD Matemáticas Aplicadas II (4h)	
	Métodos Estadísticos e Num. (2h+2h)	Cándido Dacosta Lago

BACHARELATO ENSINO ADULTOS		
Nivel	Grupo	PROFESOR/A
1º BACHARELATO	1ºA Matemáticas I (4h)	Xosé Antón Mosquera Longueira
	1ºB Matemáticas Aplicadas I (4h)	Xosé Antón Mosquera Longueira
	1ºA TIC 2h	Xosé Antón Mosquera Longueira
	1ºB TIC 2h	Xosé Antón Mosquera Longueira
2º BACHARELATO	2ºA Matemáticas II (4h)	Xosé Antón Mosquera Longueira
	2ºB Matemáticas Aplicadas II (4h)	Pilar Pena Fernández
	2ºA+2ºB TIC 3h	Xosé Antón Mosquera Longueira

Material do Departamento

Contamos cun despacho compartido co departamento de Bioloxía e Xeoloxía. O material propio consiste nun ordenador, unha impresora-escáner, 10 calculadoras, dúas coleccións de corpos xeométricos e un pequeno fondo de libros de texto, libros do profesor e libros de exercicios (algúns deles en formato dixital) enviados en calidade de mostra polas editoriais, con motivo das sucesivas reformas, ao longos dos últimos anos.

Libros de texto

1º ESO e 2º ESO estamos dentro do proxecto EDIXGAL e úsase tanto o material de edixgal como o elaborado polo propio departamento.

3º ESO e 4º ESO: MATEMÁTICAS; Editorial Edelvives

O departamento asume a elaboración do soporte textual do resto de niveis educativos.

Medidas a ter en conta na programación pola situación de pandemia do COVID-19

En 1º de ESO e 1º de bacharelato será preciso unha avaliación inicial ao comezo de cada bloque temático ou a comezo de curso, para determinar os coñecementos previos e a necesidade de reforzo de contidos imprescindibles.

Nos demais cursos de ESO, por seren contido progresivos, como norma xeral, adoptaremos unha programación “circular” (comezar no presente curso, no bloque temático no que se quedou no curso anterior e continuar coa secuenciación prevista, pero partindo sempre do nivel que teñen os alumnos no presente), para garantir que o alumnado, ao finalización de etapa, teña unha formación mínima en tódolos bloques temáticos.

No caso de clases non presenciais e para garantir que en cada etapa se acade a formación prevista:

- En 4º de ESO seguirase avanzando materia para garantir os “Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición de competencias clave esixibles” de fin de etapa da ESO.
- En 1º Bacharelato seguirase avanzando materia ata onde sexa posible.
- En 2º Bacharelato, tanto en Matemáticas II como en Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II, impartirase o temario previsto, antes da ABAU.

- En Métodos Estadísticos e Numéricos impartiranse, como mínimo, todo o bloque de estatística, programación lineal (isto garante que un alumno con MAT II e Métodos se poida presentar con éxito a Mat Aplic II na ABAU), resolución de ecuacións e aproximación funcións mediante funcións polinómicas.
- Nos demais cursos, tentaremos seguir o ritmo de aprendizaxe do alumnado.
- Nos criterios de avaliación aplicaremos o principio de non contradición coa normativa de ámbito superior (leis, decretos, ordes,...), pero se un alumno ou alumna que non está nunha situación excepcional, non realiza como mínimo o 50% das actividades avaliábeis previstas correspondentes ó período de avaliación, a súa nota non será superior a 4 e precisará superar as actividades de recuperación correspondentes.
- En caso dunha situación excepcional por parte do alumno/a, daráselle todo tipo de facilidades, en canto a prazos, na realización de tarefas avaliábeis e actividades de recuperación.
- Nas actividades entregadas telematicamente (manuscritas) debera figurar o nome en tódalas páxinas, e a poder ser, viran nun arquivo en formato pdf.
- Mantemos a programación ideal como marco de referencia pero concretaremos en cada nivel e materia as medidas excepcionais como: a metodoloxía, os instrumentos de avaliación e ponderación no cálculo da nota no caso de confinamento, períodos de clases en liña ou períodos de ensino semipresencial.

Programación por cursos

Introdución

As matemáticas facilitánnos interpretar o mundo que nos rodea, reflicten a capacidade creativa, expresan con precisión conceptos e argumentos, favorecen a competencia para aprender a aprender e conteñen elementos de gran beleza, sen esquecer ademais o carácter instrumental que as matemáticas teñen como base fundamental para a adquisición de novos coñecementos noutras disciplinas, nomeadamente no proceso científico e tecnolóxico, e como forza condutora no desenvolvemento da cultura e das civilizacións.

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea co nome de "Competencia matemática" e "Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía". Esta consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros

problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

O currículo de Matemáticas está organizado en cinco bloques; todos eles teñen a mesma importancia na formación integral da cidadanía do século XXI, e así debe transmitirse ao alumnado, garantindo que ao remate de cada ciclo ninguén se vexa minguado por razóns de distribución de contidos ou doutra índole.

A este respecto, cómpre sinalar que o currículo non debe verse como un conxunto de bloques independentes. É necesario que se desenvolva de xeito global, pensando nas conexións internas da materia, tanto dentro do curso como nas distintas etapas. Esta globalidade é salientable no que afecta ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", que evoluciona desde a resolución de problemas en primeiro de ESO ata as demostracións formais do segundo curso do bacharelato.

Seguindo as recomendacións da Orde ECD/65/2015, para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, onde cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros; unha metodoloxía baseada en actividades ou proxectos matemáticos que poñan en contexto os contidos aprendidos, o que permitirá fortalecer a autonomía persoal e o traballo en equipo, entre outras habilidades.

No desenvolvemento do currículo preténdese que os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados. Os novos coñecementos que se deben adquirir teñen que apoiarse nos xa conseguidos: os contextos deben ser elixidos para que o alumnado se aproxime ao coñecemento de forma intuitiva mediante situacións próximas a este, e vaia adquirindo cada vez maior complexidade, ampliando progresivamente a aplicación a problemas relacionados con fenómenos naturais e sociais e a outros contextos menos próximos á súa realidade inmediata.

Durante os primeiros cursos é necesario que o alumnado alcance soltura suficiente no cálculo, sempre apoiado na adquisición do sentido numérico, que abrangue cálculo mental, estimación e dominio reflexivo das propiedades e operacións. Posteriormente, ao longo das etapas educativas, o alumnado debe progresar na adquisición das habilidades de pensamento matemático; debe pasar de conseguir dominar os cálculos e as súas ferramentas a centrarse, xa no bacharelato, en desenvolver os procedementos e a capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar de xeito matemático

diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Os procedementos, os razoamentos, a argumentación e a expresión matemática das situacións e dos problemas han contribuír de maneira especial a lograr a adquisición das competencias clave.

1º ESO

Detección de aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior

Durante o primeiro mes de curso tratarase de detectar aqueles alumnos que, aparentemente, teñan dificultades coas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, e intentarase o reforzo na aula ata a *sesión de avaliación inicial* na que se precisarán as medidas de atención á diversidade máis axeitadas (seguir co reforzo na aula ata conseguir a adquisición de aprendizaxes imprescindibles, programa de reforzo con atribución horaria que establece a normativa vixente de unha hora semanal, ...).

Secuencia de contidos de 1º ESO

Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas e competencias clave.

Bloque transversal a toda a materia. A súa incorporación dentro dos outros bloques será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación. A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade poñen en xogo distintas formas de pensamento: o pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; os pensamentos abstracto, algorítmico e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables.

Neste proceso están involucradas todas as competencias:

Comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos.

Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema.

Competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados.

Competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións.

Competencia aprender a aprender, tomando conciencia do proceso desenvolvido, das respostas logradas e das que aínda quedan por resolver.

Competencia de conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

Bloque 2. Números e álgebra

1. Números naturais.

- Sistemas de numeración.
- Sistema de numeración decimal.
- Operacións combinadas. Propiedades.

2. Potencias e raíces.

- Potencias.
- Potencias de base 10. Utilización da notación científica para representar números moi grandes.
- Operacións. Propiedades.
- Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas.

3. Divisibilidade.

- Múltiplos e divisores.
- Criterios de divisibilidade.
- Números primos e compostos. Descomposición dun número en factores. Descomposición en factores primos.
- Múltiplos e divisores comúns a varios números. Máximo común divisor e mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais.

4. Números enteiros.

- Números negativos: significado e utilización en contextos reais.
- Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora.
- Xerarquía das operacións. Uso do paréntese.
- Potencias de números enteiros con expoñente natural.

5. Números fraccionarios.

- Fraccións en ámbitos cotiáns.
- Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións.

- Representación e ordenación.
- Redución a común denominador. Operacións.
- Números decimais: representación, ordenación e operacións.
- Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións.

6. Proporcionalidade e porcentaxes.

- Razón e proporción.
- Magnitudes directamente proporcionais. Regra de tres directa.
- Magnitudes inversamente proporcionais. Regra de tres inversa.
- Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora). Aumentos e diminucións porcentuais.

7. Álgebra.

- Iniciación á linguaxe alxébrica.
- Tradución de expresións da linguaxe cotiá, que representen situacións reais, á alxébrica, e viceversa.
- A linguaxe alxébrica para xeneralizar propiedades e simbolizar relacións.
- Obtención de fórmulas e termos xerais baseada na observación de pautas e regularidades.
- Valor numérico dunha expresión alxébrica.
- Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita (métodos alxébrico e gráfico). Resolución. Interpretación das solucións. Ecuacións sen solución. Resolución de problemas.

Bloque 3: Xeometría

1. Elementos do plano.

- Elementos básicos da xeometría do plano.
- Relacións e propiedades de figuras no plano: paralelismo e perpendicularidade.

2. Ángulos

- Medida e cálculo de ángulos e as súas relacións.
- Construcións xeométricas sinxelas: mediatriz e bisectriz. Propiedades.

3. Figuras planas elementais.

- Triángulo, cadrado e figuras poligonais.
- Teorema de Pitágoras.
- Clasificación de triángulos e cuadriláteros. Propiedades e relacións.
- Circunferencia.

4. Áreas e perímetros.

- Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas. Cálculo de áreas por descomposición en figuras simples.
- Área do círculo, arcos e sectores circulares.

5. Volumes

- Poliedros e corpos de revolución: elementos característicos e clasificación. Áreas e volumes.
- Propiedades, regularidades e relacións dos poliedros. Cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico.
- Uso de ferramentas informáticas para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas.

Bloque 4. Funcións

1. Funcións e gráficas

- Coordenadas cartesianas: representación e identificación de puntos nun sistema de eixes coordenados.
- Concepto de función: variable dependente e independente. Formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula).
- Funcións lineais. Cálculo, interpretación e identificación da pendente da recta. Representacións da recta a partir da ecuación e obtención da ecuación a partir dunha recta.

Bloque 5. Estatística e probabilidade

1. Variables estatísticas.

- Poboación e individuo. Mostra.
- Variables cualitativas e cuantitativas.
- Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas.
- Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia.

- Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias.
- Medidas de tendencia central.

2. Probabilidade

- Fenómenos deterministas e aleatorios.
- Formulación de conxecturas sobre o comportamento de fenómenos aleatorios sinxelos e deseño de experiencias para a súa comprobación.
- Frecuencia relativa dun suceso e a súa aproximación á probabilidade mediante a simulación ou experimentación.
- Sucesos elementais equiprobables e non equiprobables.
- Espazo mostral en experimentos sinxelos. Táboas e diagramas de árbore sinxelos.
- Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace en experimentos sinxelos.

Evidentemente do bloque 2 ao 5 trabállase coa Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Temporalización 1º ESO

Bloques	Temas	Título	Semanas	Avaliacións
<i>Bloque 2 Números álgebra</i>	1	Números naturais	1	Primeira
	2	Potencias e raíces	2	
	3	Divisibilidade	2	
	4	Números enteiros	2	
	5	Números fraccionarios.	2	
	6	Proporcionalidade porcentaxes	2	
	7	Álgebra	4	Segunda
<i>Bloque 3:</i>	1	Elementos do plano	2	

<i>Xeometría</i>	2	Ángulos	2	Terceira	
	3	Figuras planas elementais	2		
	4	Áreas e perímetros	3		
	5	Volumes	2		
<i>Bloque 4: Funcións</i>	1	Funcións e gráficas	2		
<i>Bloque 5: Estatística e probabilidade</i>	1	Variables estatísticas	2		
	2	Probabilidade	2		
Total semanas			32		
O reparto por avaliacións é aproximado e irá axustándose durante o curso.					

Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe 1º ESO

Matemáticas. 1º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Instrumentos de avaliación
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas						
■ f ■ h	■ B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	■ B1.1. Expresar verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.	■ MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	■ CCL ■ CMCCT	■ 50%	■ PE ■ PO ■ OA
■ e ■ f ■ h	■ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. ■ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das	■ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	■ MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).	■ CMCCT	■ 50%	■ PE ■ PO ■ OA
			■ MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.	■ CMCCT	■ 50%	■ PE ■ PO ■ OA
			■ MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para	■ CMCCT	■ 50%	■ PE ■ PO

	operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.		resolver, valorando a súa utilidade e eficacia.			■ OA
			■ MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.	■ CMCCT ■ CAA	■ 50%	■ PE ■ PO ■ OA
■ b ■ e ■ f ■ g ■ h	■ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. ■ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.	■ B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.	■ MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.	■ CMCCT ■ CCEC	■ 50%	■ PE ■ PO ■ OA
			■ MAB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade.	■ CMCCT	■ 50%	■ PE ■ PO ■ OA
■ b ■ e ■ f	■ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións	■ B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.	■ MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.	■ CMCCT	■ 50%	■ OA

	no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.		<ul style="list-style-type: none"> ■ MAB1.4.2. Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ OA
<ul style="list-style-type: none"> ■ b ■ f ■ h 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística). 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ PO ■ OA ■ CC ■ TR
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ b ■ c ■ d ■ e ■ f ■ g 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ OA ■ CC ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ OA ■ CC ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ PO ■ OA ■ CC

						■ TR
			■ MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	■ CMCCT	■ 50%	■ OA ■ CC ■ TR
			■ MAB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	■ CMCCT	■ 50%	■ OA ■ CC ■ TR
■ b ■ e ■ f ■ g	■ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	■ B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	■ MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.	■ CMCCT ■ CAA ■ CSC	■ 50%	■ PO ■ OA ■ CC ■ TR
■ a ■ b ■ c ■ d ■ e ■ f ■ g ■ l ■ m ■ n ■ ñ ■ o	■ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	■ B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	■ MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	■ CMCCT ■ CSIEE ■ CSC	■ 75%	■ PO ■ OA
			■ MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	■ CMCCT	■ 50%	■ OA ■ CC ■ TR
			■ MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.	■ CMCCT	■ 75%	■ OA
			■ MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de	■ CMCCT	■ 50%	■ OA

			curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.	<ul style="list-style-type: none"> ■ CAA ■ CCEC 		
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CSIEE ■ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 75% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ OA ■ TR
<ul style="list-style-type: none"> ■ b ■ g 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 25% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PO ■ OA ■ TR
<ul style="list-style-type: none"> ■ b ■ g 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas, e aprender diso para situacións similares futuras. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PO ■ OA
<ul style="list-style-type: none"> ■ e ■ f ■ g 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> - Recollida ordenada e organización de datos. - Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MAB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 25% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ CC ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MAB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 25% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ OA ■ CC

	<ul style="list-style-type: none"> - Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. - Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. - Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos. - Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas. 		<p>complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.</p> <p>■ MAB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.</p> <p>■ MAB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.</p> <p>■ MAB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para tratar datos e gráficas estadísticas, extraer información e elaborar conclusións.</p>	<p>■ CMCCT</p> <p>■ CMCCT</p> <p>■ CMCCT</p>	<p>■ 25%</p> <p>■ 25%</p> <p>■ 25%</p>	<p>■ TR</p> <p>■ OA ■ CC ■ TR</p> <p>■ OA ■ CC ■ TR</p> <p>■ OA ■ CC ■ TR</p>
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ b ■ e ■ f ■ g 	<p>■ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recollida ordenada e organización de datos. - Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. - Facilitación da comprensión de conceptos e propieda- 	<p>■ B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.</p>	<p>■ MAB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios coa ferramenta tecnolóxica axeitada (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, e compárteos para a súa discusión ou difusión.</p> <p>■ MAB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.</p>	<p>■ CD</p> <p>■ CCL</p> <p>■ CCL</p>	<p>■ 50%</p> <p>■ 25%</p>	<p>■ OA ■ CC ■ TR</p> <p>■ OA ■ CC ■ TR</p>

	<p>des xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</p> <p>– Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</p> <p>– Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos.</p> <p>– Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.</p>		<p>■ MAB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.</p> <p>■ MAB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.</p>	<p>■ CD ■ CAA</p> <p>■ CD ■ CSC ■ CSIEE</p>	<p>■ 50%</p> <p>■ 50%</p>	<p>■ OA ■ CC ■ TR</p> <p>■ OA ■ CC ■ TR</p>
	Bloque 2. Números e álgebra					
<p>■ b</p> <p>■ e</p> <p>■ f</p> <p>■ g</p> <p>■ h</p>	<p>■ B2.1. Números negativos: significado e utilización en contextos reais.</p> <p>■ B2.2. Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora.</p> <p>■ B2.3. Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións. Representación, ordenación e operacións.</p>	<p>■ B2.1. Utilizar números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, e porcentaxes sinxelas, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información e resolver problemas relacionados coa vida diaria.</p>	<p>■ MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.</p> <p>■ MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.</p>	<p>■ CMCCT</p> <p>■ CMCCT</p>	<p>■ 100%</p> <p>■ 100%</p>	<p>■ PE ■ PO ■ OA</p> <p>■ PE ■ OA</p>

	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.4. Números decimais: representación, ordenación e operacións. ■ B2.5. Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións. ■ B2.6. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións. ■ B2.7. Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas. ■ B2.8. Xerarquía das operacións. ■ B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos. 		<ul style="list-style-type: none"> ■ MAB2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA
<ul style="list-style-type: none"> ■ e ■ f ■ g ■ h 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.10. Divisibilidade dos números naturais: criterios de divisibilidade. ■ B2.11. Números primos e compostos. Descomposición dun número en factores. Descomposición en factores primos. ■ B2.12. Múltiplos e divisores comúns a varios números. Máximo común divisor e 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.2. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións elementais, mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MAB2.2.1. Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre paridade, divisibilidade e operacións elementais. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 75% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PO ■ OA
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Instrumentos avaliación
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas						
<ul style="list-style-type: none"> ■ e ■ i 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 75% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
<ul style="list-style-type: none"> ■ i ■ l 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. ■ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: relación con outros problemas coñecidos; modificación de variables e suposición do problema resolto. ■ B1.3. Solucións e/ou resultados obtidos: coherencia das solucións coa situación, revisión sistemática do proceso, outras formas de resolución, problemas parecidos, xeneralizacións e particularizacións interesantes. ■ B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado que cómpre resolver ou demostrar (datos, relacións entre os datos, condicións, hipótese, coñecementos matemáticos necesarios, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 75% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 75% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cómpre a resolver, e valora a súa utilidade e a súa eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 75% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.2.5. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 75% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA

						■ TR
■ d ■ i ■ l	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc. ■ B1.5. Métodos de demostración: redución ao absurdo; método de indución; contraexemplos; razoamentos encadeados, etc. ■ B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo. ■ B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.3. Realizar demostracións sinxelas de propiedades ou teoremas relativos a contidos alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.3.1. Utiliza diferentes métodos de demostración en función do contexto matemático. 	■ CMCCT	■ 25%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.3.2. Reflexiona sobre o proceso de demostración (estrutura, método, linguaxe e símbolos, pasos clave, etc.). 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
■ g ■ i	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo. ■ B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos. ■ B1.8. Elaboración e presentación oral e/ou escrita, utilizando as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de informes científicos sobre o 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.4. Elaborar un informe científico escrito que sirva para comunicar as ideas matemáticas xurdidas na resolución dun problema ou nunha demostración, coa precisión e o rigor adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.4.1. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.4.2. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes. 	■ CMCCT	■ 75%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR

	<p>proceso seguido na resolución dun problema ou na demostración dun resultado matemático.</p> <p>■ B1.9. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recollida ordenada e a organización de datos. - Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. - Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. - Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. - Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo, e os resultados e as conclusións que se obteñen. - Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas. 		<p>■ MA2B1.4.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, á situación que cumpra resolver ou á propiedade ou o teorema que haxa que demostrar, tanto na procura de resultados como para a mellora da eficacia na comunicación das ideas matemáticas.</p>	<p>■ CMCCT</p> <p>■ CD</p>	<p>■ 25%</p>	<p>■ PE</p> <p>■ OA</p> <p>■ TR</p>
<p>■ i</p> <p>■ l</p> <p>■ m</p>	<p>■ B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das</p>	<p>■ B1.5. Planificar adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación</p>	<p>■ MA2B1.5.1. Coñece a estrutura do proceso de elaboración dunha investigación matemática: problema de investigación, estado da cuestión, obxectivos, hipótese, metodoloxía, resultados, conclusións, etc.</p>	<p>■ CMCCT</p>	<p>■ 25%</p>	<p>■ PE</p> <p>■ OA</p> <p>■ TR</p>

	matemáticas, de xeito individual e en equipo.	formulado.	<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.5.2. Planifica adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CSIEE 	■ 25%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.5.3. Afonda na resolución dalgúns problemas, formulando novas preguntas, xeneralizando a situación ou os resultados, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT 	■ 50%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
<ul style="list-style-type: none"> ■ b ■ d ■ h ■ i ■ l ■ m ■ n 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc. ■ B1.5. Métodos de demostración: redución ao absurdo; método de indución; contraexemplos; razoamentos encadeados, etc. ■ B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo. ■ B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos. ■ B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.6. Practicar estratexias para a xeración de investigacións matemáticas, a partir da resolución dun problema e o afondamento posterior, da xeneralización de propiedades e leis matemáticas, e do afondamento nalgún momento da historia das matemáticas, concretando todo iso en contextos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.6.1. Xeneraliza e demostra propiedades de contextos matemáticos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT 	■ 50%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.6.2. Busca conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; tecnoloxías e matemáticas, ciencias experimentais e matemáticas, economía e matemáticas, etc.) e entre contextos matemáticos (numéricos e xeométricos, xeométricos e funcionais, xeométricos e probabilísticos, discretos e continuos, finitos e infinitos, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CSC ■ CCEC 	■ 50%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
<ul style="list-style-type: none"> ■ e ■ g ■ i 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos. ■ B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.7. Elaborar un informe científico escrito que recolla o proceso de investigación realizado, coa precisión e o rigor adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.7.1. Consulta as fontes de información adecuadas ao problema de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT 	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.7.2. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto do problema de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT 	■ 75%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR

	<p>en equipo.</p> <p>■ B1.11. Elaboración e presentación dun informe científico sobre o proceso, os resultados e as conclusións do proceso de investigación desenvolvido, utilizando as ferramentas e os medios tecnolóxicos axeitados.</p>		<p>■ MA2B1.7.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.</p>	<p>■ CCL ■ CMCCT</p>	<p>■ 75%</p>	<p>■ PE ■ OA ■ TR</p>
			<p>■ MA2B1.7.4. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación.</p>	<p>■ CMCCT ■ CD</p>	<p>■ 75%</p>	<p>■ PE ■ OA ■ TR</p>
			<p>■ MA2B1.7.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación.</p>	<p>■ CCL</p>	<p>■ 75%</p>	<p>■ PE ■ OA ■ TR</p>
			<p>■ MA2B1.7.6. Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos e, si mesmo, formula posibles continuacións da investigación; analiza os puntos fortes e débiles do proceso e fai explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia</p>	<p>■ CMCCT</p>	<p>■ 50%</p>	<p>■ PE ■ OA ■ TR</p>
<p>■ i ■ l</p>	<p>■ B1.12. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.</p>	<p>■ B1.8. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, e estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións da realidade.</p>	<p>■ MA2B1.8.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.</p>	<p>■ CMCCT ■ CSC</p>	<p>■ 50%</p>	<p>■ PE ■ OA ■ TR</p>
			<p>■ MA2B1.8.2. Establece conexións entre o problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, así como os coñecementos matemáticos necesarios.</p>	<p>■ CMCCT</p>	<p>■ 50%</p>	<p>■ PE ■ OA ■ TR</p>
			<p>■ MA2B1.8.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos axeitados que permitan a resolución do problema ou dos problemas dentro do campo das matemáticas.</p>	<p>■ CMCCT</p>	<p>■ 75%</p>	<p>■ PE ■ OA ■ TR</p>
			<p>■ MA2B1.8.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.</p>	<p>■ CMCCT</p>	<p>■ 50%</p>	<p>■ PE ■ OA ■ TR</p>

			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.8.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 75% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
<ul style="list-style-type: none"> ■ i 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.12. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.9. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.9.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre logros conseguidos, resultados mellorables, impresións persoais do proceso, etc., valorando outras opinións 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 75% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ b ■ c ■ d ■ e ■ f ■ g ■ h ■ i ■ l ■ m ■ n ■ ñ ■ o ■ p 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. ■ B1.12. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.10. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.10.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade para a aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continuo, autocrítica constante, etc.). ■ MA2B1.10.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. ■ MA2B1.10.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados achados; etc. ■ MA2B1.10.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CSC ■ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
<ul style="list-style-type: none"> ■ b ■ i ■ l ■ m 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.13. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.11. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.11.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 50 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
<ul style="list-style-type: none"> ■ b 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.13. Confianza nas propias capacidades para desenvolver 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.12. Reflexionar sobre as decisións tomadas, valorando a súa eficacia e 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.12.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas; valorando a potencia, 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 75% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE

■ i ■ l	actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	aprendendo delas para situacións similares futuras.	a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados; aprendendo diso para situacións futuras; etc.	■ CAA		■ OA ■ TR
■ g ■ i	<p>■ B1.9. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recollida ordenada e a organización de datos. - Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. - Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. - Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. - Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo, e os resultados e as conclusións que se obteñen. - Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas. 	<p>■ B1.13. Empregar as ferramentas tecnolóxicas asecuadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.</p>	<p>■ MA2B1.13.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.</p>	<p>■ CMCCT ■ CD</p>	<p>■ 50%</p>	<p>■ PE ■ OA ■ TR</p>
			<p>■ MA2B1.13.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.</p>	<p>■ CMCCT</p>	<p>■ 50%</p>	<p>■ PE ■ OA ■ TR</p>
			<p>■ MA2B1.13.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.</p>	<p>■ CMCCT</p>	<p>■ 25%</p>	<p>■ PE ■ OA ■ TR</p>
			<p>■ MA2B1.13.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.</p>	<p>■ CMCCT</p>	<p>■ 50%</p>	<p>■ PE ■ OA ■ TR</p>
			<p>■ MA2B1.13.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.</p>	<p>■ CMCCT</p>	<p>■ 25%</p>	<p>■ PE ■ OA ■ TR</p>
■ e ■ g ■ i	<p>■ B1.9. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recollida ordenada e a organiza- 	<p>■ B1.14. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable</p>	<p>■ MA2B1.14.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.</p>	<p>■ CD</p>	<p>■ 25%</p>	<p>■ PE ■ OA ■ TR</p>

	<p>ción de datos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. - Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. - Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. - Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo, e os resultados e as conclusións que se obteñen. - Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas. 	<p>en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.14.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.14.3. Usa adecuadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 50% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B1.14.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CSC ■ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 75% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
Bloque 2. Números e álgebra						
<ul style="list-style-type: none"> ■ g ■ i 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.1. Estudo das matrices como ferramenta para manexar e operar con datos estruturados en táboas e grafos. Clasificación de matrices. Operacións. ■ B2.2. Aplicación das operacións das matrices e das súas propiedades na resolución de problemas extraídos de contextos reais. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.1. Utilizar a linguaxe matricial e as operacións con matrices para describir e interpretar datos e relacións na resolución de problemas diversos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B2.1.1. Utiliza a linguaxe matricial para representar datos facilitados mediante táboas ou grafos e para representar sistemas de ecuacións lineais, tanto de xeito manual como co apoio de medios tecnolóxicos axeitados. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 100% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B2.1.2. Realiza operacións con matrices e aplica as propiedades destas operacións adecuadamente, de xeito manual ou co apoio de medios tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 100% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR

<ul style="list-style-type: none"> ■ e ■ i 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.1. Estudo das matrices como ferramenta para manexar e operar con datos estruturados en táboas e grafos. Clasificación de matrices. Operacións. ■ B2.2. Aplicación das operacións das matrices e das súas propiedades na resolución de problemas extraídos de contextos reais. ■ B2.3. Determinantes. Propiedades elementais. ■ B2.4. Rango dunha matriz. ■ B2.5. Matriz inversa. ■ B2.6. Representación matricial dun sistema: discusión e resolución de sistemas de ecuacións lineais. Método de Gauss. Regra de Cremer. Aplicación á resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.2. Transcribir problemas expresados en linguaxe usual á linguaxe alxébrica e resolvelos utilizando técnicas alxébricas determinadas (matrices, determinantes e sistemas de ecuacións), e interpretar criticamente o significado das solucións. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B2.2.1. Determina o rango dunha matriz, ata orde 4, aplicando o método de Gauss ou determinantes. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B2.2.2. Determina as condicións para que unha matriz teña inversa e calcúlala empregando o método máis axeitado. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B2.2.3. Resolve problemas susceptibles de seren representados matricialmente e interpreta os resultados obtidos 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B2.2.4. Formula alxébricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real, estuda e clasifica o sistema de ecuacións lineais formulado, resólveo nos casos en que sexa posible (empregando o método máis axeitado), e aplica para resolver problemas. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
Bloque 3. Análise						
<ul style="list-style-type: none"> ■ i 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.1. Limite dunha función nun punto e no infinito. Continuidade dunha función. Tipos de discontinuidade. Teorema de Bolzano. ■ B3.2. Función derivada. Teoremas de Rolle e do valor medio. A regra de L'Hôpital. Aplicación ao cálculo de límites. ■ B3.3. Aplicacións da derivada: problemas de optimización. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.1. Estudar a continuidade dunha función nun punto ou nun intervalo, aplicando os resultados que se derivan diso. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B3.1.1. Coñece as propiedades das funcións continuas e representa a función nun ámbito dos puntos de discontinuidade. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B3.1.2. Aplica os conceptos de límite e de derivada á resolución de problemas, así como os teoremas relacionados. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR

■ i	<p>■ B3.2. Función derivada. Teoremas de Rolle e do valor medio. Regra de L'Hôpital. Aplicación ao cálculo de límites.</p> <p>■ B3.3. Aplicacións da derivada: problemas de optimización.</p>	<p>■ B3.2. Aplicar o concepto de derivada dunha función nun punto, a súa interpretación xeométrica e o cálculo de derivadas ao estudo de fenómenos naturais, sociais ou tecnolóxicos, e á resolución de problemas xeométricos, de cálculo de límites e de optimización.</p>	<p>■ MA2B3.2.1. Aplica a regra de L'Hôpital para resolver indeterminacións no cálculo de límites.</p>	■ CMCCT	■ 100%	<p>■ PE</p> <p>■ OA</p> <p>■ TR</p>
			<p>■ MA2B3.2.2. Formula problemas de optimización relacionados coa xeometría ou coas ciencias experimentais e sociais, resólveos e interpreta o resultado obtido dentro do contexto.</p>	■ CMCCT	■ 75%	<p>■ PE</p> <p>■ OA</p> <p>■ TR</p>
■ i	<p>■ B3.4. Primitiva dunha función. Integral indefinida. Propiedades. Técnicas elementais para o cálculo de primitivas (integrais inmediatas e case inmediatas, racionais, por partes e por cambios de variable sinxelos).</p>	<p>■ B3.3. Calcular integrais de funcións sinxelas aplicando as técnicas básicas para o cálculo de primitivas.</p>	<p>■ MA2B3.3.1. Aplica os métodos básicos para o cálculo de primitivas de funcións.</p>	■ CMCCT	■ 100%	<p>■ PE</p> <p>■ OA</p> <p>■ TR</p>
■ g ■ i	<p>■ B3.5. Integral definida. Teoremas do valor medio e fundamental do cálculo integral. Regra de Barrow. Aplicación ao cálculo de áreas de rexións planas.</p>	<p>■ B3.4. Aplicar o cálculo de integrais definidas na medida de áreas de rexións planas limitadas por rectas e curvas sinxelas que sexan doadamente representables e, en xeral, á resolución de problemas.</p>	<p>■ MA2B3.4.1. Calcula a área de recintos limitados por rectas e curvas sinxelas ou por dúas curvas.</p>	■ CMCCT	■ 100%	<p>■ PE</p> <p>■ OA</p> <p>■ TR</p>
			<p>■ MA2B3.4.2. Utiliza os medios tecnolóxicos axeitados para representar e resolver problemas de áreas de recintos limitados por funcións coñecidas.</p>	■ CMCCT	■ 100%	<p>■ PE</p> <p>■ OA</p> <p>■ TR</p>
Bloque 4. Xeometría						
■ i	<p>■ B4.1. Vectores no espazo tridimensional. Operacións. Base, dependencia e independencia lineal. Produto escalar, vectorial e mixto. Significado xeométrico.</p>	<p>■ B4.1. Resolver problemas xeométricos espaciais, utilizando vectores.</p>	<p>■ MA2B4.1.1. Realiza operacións elementais con vectores, manexando correctamente os conceptos de base e de dependencia e independencia lineal, e define e manexa as operacións básicas con vectores no espazo, utilizando a interpretación xeométrica das operacións con vectores para resolver problemas xeométricos.</p>	■ CMCCT	■ 100%	<p>■ PE</p> <p>■ OA</p> <p>■ TR</p>

■ i	<ul style="list-style-type: none"> ■ B4.2. Ecuacións da recta e o plano no espazo. Identificación dos elementos característicos. ■ B4.3. Posicións relativas (incidencia, paralelismo e perpendicularidade entre rectas e planos). 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B4.2. Resolver problemas de incidencia, paralelismo e perpendicularidade entre rectas e planos utilizando as ecuacións da recta e do plano no espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B4.2.1. Expresa a ecuación da recta das súas distintas formas, pasando dunha a outra correctamente, identificando en cada caso os seus elementos característicos, e resolvendo os problemas afíns entre rectas. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B4.2.2. Obtén a ecuación do plano nas súas distintas formas, pasando dunha a outra correctamente, identificando en cada caso os seus elementos característicos. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B4.2.3. Analiza a posición relativa de planos e rectas no espazo, aplicando métodos matriciais e alxébricos. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B4.2.4. Obtén as ecuacións de rectas e planos en diferentes situacións. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
■ i	<ul style="list-style-type: none"> ■ B4.1. Vectores no espazo tridimensional. Operacións. Base, dependencia e independencia lineal. Produto escalar, vectorial e mixto. Significado xeométrico. ■ B4.2. Ecuacións da recta e o plano no espazo. Identificación dos elementos característicos. ■ B4.4. Propiedades métricas (cálculo de ángulos, distancias, áreas e volumes). 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B4.3. Utilizar os produtos entre vectores para calcular ángulos, distancias, áreas e volumes, calculando o seu valor e tendo en conta o seu significado xeométrico. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B4.3.1. Manexa o produto escalar e vectorial de dous vectores, o significado xeométrico, a expresión analítica e as propiedades. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B4.3.2. Coñece o produto mixto de tres vectores, o seu significado xeométrico, a súa expresión analítica e as propiedades. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B4.3.3. Determina ángulos, distancias, áreas e volumes utilizando os produtos escalar, vectorial e mixto, aplicándoos en cada caso á resolución de problemas xeométricos. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B4.3.4. Realiza investigacións utilizando programas informáticos específicos para seleccionar e estudar situacións novas da xeometría relativas a obxectos como a esfera. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR

Bloque 5. Estadística e probabilidade						
■ i	<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.1. Sucesos. Operacións con sucesos. Asignación de probabilidades a sucesos mediante a regra de Laplace e a partir da súa frecuencia relativa. Axiomática de Kolmogorov. ■ B5.2. Aplicación da combinatoria ao cálculo de probabilidades. ■ B5.3. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos. ■ B5.4. Teoremas da probabilidade total e de Bayes. Probabilidades iniciais e finais e verosimilitude dun suceso. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.1. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos (utilizando a regra de Laplace en combinación con diferentes técnicas de recuento e a axiomática da probabilidade), así como a sucesos aleatorios condicionados (teorema de Bayes), en contextos relacionados co mundo real. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B5.1.1. Calcula a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos, condicionada ou non, mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de recuento. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B5.1.2. Calcula probabilidades a partir dos sucesos que constitúen unha partición do espazo mostral. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B5.1.3. Calcula a probabilidade final dun suceso aplicando a fórmula de Bayes. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
<ul style="list-style-type: none"> ■ g ■ i 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.5. Variables aleatorias discretas (distribución de probabilidade, media, varianza e desviación típica) e continuas (función de densidade e función de distribución). ■ B5.6. Distribución binomial. Caracterización e identificación do modelo. Cálculo de probabilidades. ■ B5.7. Distribución normal. Tipificación da distribución normal. Asignación de probabilidades nunha distribución normal. ■ B5.8. Cálculo de probabilidades mediante a aproximación da distribución binomial pola normal. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.2. Identificar os fenómenos que poden modelizarse mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal, calculando os seus parámetros e determinando a probabilidade de diferentes sucesos asociados. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B5.2.1. Identifica fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial, obtén os seus parámetros e calcula a súa media e desviación típica. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B5.2.2. Calcula probabilidades asociadas a unha distribución binomial a partir da súa función de probabilidade, da táboa da distribución ou mediante calculadora, folia de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B5.2.3. Coñece as características e os parámetros da distribución normal e valora a súa importancia no mundo científico. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B5.2.4. Calcula probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución normal a partir da táboa da distribución ou mediante calculadora, folia de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica. 	■ CMCCT	■ 100%	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR

			<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B5.2.5. Calcula probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial a partir da súa aproximación pola normal, valorando se se dan as condicións necesarias para que sexa válida. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 100% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR
<ul style="list-style-type: none"> ■ b ■ e ■ i ■ l 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.9. Identificación das fases e tarefas dun estudo estatístico. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística e o azar, interpretando a información e detectando erros e manipulacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.3. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando un conxunto de datos ou interpretando de forma crítica informacións estatísticas presentes nos medios de comunicación, en especial os relacionados coas ciencias e outros ámbitos, detectando posibles erros e manipulacións tanto na presentación dos datos como na das conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MA2B5.3.1. Utiliza un vocabulario axeitado para describir situacións relacionadas co azar e elabora análises críticas sobre traballos relacionados coa probabilidade e/ou a estatística aparecidos en medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 100% 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PE ■ OA ■ TR

Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición de competencias clave en Matemáticas II

Bloque 2. Números e álgebra

Utilizar a linguaxe matricial en diferentes contextos.

Realizar operacións con matrices e determinantes.

Aplicar as propiedades desta operacións.

Determinar o rango de una matriz ata orde 4, polo método de Gauss ou determinantes.

Calcular a matriz inversa, determinando as condicións que debe cumprir.

Resolver problemas representados matricialmente e interpretar os resultados.

Estudar e clasificar os sistemas de ecuacións lineais e resolvelos nos casos que sexa posible.

Resolver problemas.

Bloque 3. Análise

Coñecer as propiedades das funcións continuas.

Representar unha función no ámbito dos puntos de discontinuidade.

Aplicar os conceptos de límite e de derivada á resolución de problemas, así como os teoremas relacionados.

Aplicar a regra de L'Hôpital para resolver indeterminacións no cálculo de límites.

Formular problemas de optimización relacionados coa xeometría ou as ciencias experimentais e sociais.

Resolver os problemas e interpretar o resultado obtido.

Calcular a área de recintos limitados por rectas e curvas sinxelas ou por dúas curvas.

Utilizar os medios tecnolóxicos axeitados para representar e resolver problemas de áreas.

Bloque 4. Xeometría

- Realizar operacións elementais con vectores.
- Manexar correctamente os conceptos de base e de dependencia e independencia lineal.
- Utilizar a interpretación xeométrica das operacións con vectores para resolver problemas xeométricos.
- Expresar a ecuación da recta das súas distintas formas, pasando dunha a outra.
- Identificar os elementos característicos da recta.
- Resolver problemas afíns entre rectas.
- Obter a ecuación do plano nas súas distintas formas, pasando dunha a outra.
- Identificar os elementos característicos do plano.
- Analizar a posición relativa de planos e rectas no espazo, aplicando métodos matriciais e alxébricos.
- Manexar o produto escalar e vectorial de dous vectores, o significado xeométrico, a expresión analítica e as propiedades.
- Coñecer o produto mixto de tres vectores, o significado xeométrico, a expresión analítica e as propiedades.
- Determinar ángulos, distancias, áreas e volumes utilizando os produtos escalar, vectorial e mixto.

Bloque 5: Estatística e Probabilidade

Calcular a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos, condicionada ou non, mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de recuento.

Calcular probabilidades a partir dos sucesos que constitúen unha partición do espazo mostral.

Calcular a probabilidade final dun suceso aplicando a fórmula de Bayes.

Identificar fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial.

Obter os parámetros e calcular a media e desviación típica na distribución binomial.

Calcular probabilidades asociadas a unha distribución binomial.

Coñecer as características e os parámetros da distribución normal.

Calcular probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución normal.

Calcular probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial a partir da súa aproximación pola normal, valorando se se dan as condicións necesarias para que sexa válida.

Procedementos e instrumentos de avaliación Matemáticas II

1. Nas fichas individuais do alumnado debe apuntarse todo o referente, non só á adquisición de contidos, mais tamén de actitudes, uso dos distintos procedementos,... O período de rexistro debe abranguer todo o curso escolar.
 2. Precísase observar regularmente a cada alumno/a. Por medio de controis, colectivos ou individuais, chamadas á pizarra, traballos en grupo ou persoais, control do caderno de aula,...
 3. No caso de absentismo excesivo e inxustificado o alumno ou alumna, de acordo co establecido no RRI, poderá perder o seu dereito á avaliación continua, pero será convocado a unha proba final global na avaliación de xuño.
 4. Nos demais casos, as probas escritas (exames parciais) constituirán o instrumento primordial de avaliación de coñecementos e a observación, anotación e rexistro, o procedemento de estimación dos aspectos actitudinais no rendemento de cada alumno.
- O uso de calquera dispositivo electrónico non autorizado (móbil, auriculares, Ipad, tableta, etc) durante a realización de probas orais ou escritas de todo tipo (exames, controis de clase) considerárase equivalente ao uso de chuletas e será sancionado cun cero na cualificación da correspondente proba.

Avaliacións trimestrais

En cada avaliación realizarase polo menos unha proba que non "librará materia", a porcentaxe en que influirá cada unha das probas na nota final da avaliación de xuño:

<i>Exames</i>	<i>Ponderación</i>	<i>Avaliacións</i>
<i>Control representación gráfica</i>	<i>20%</i>	<i>1ª Avaliación</i>
<i>Exame Análise</i>	<i>80%</i>	
<i>Exame Análise e Álgebra</i>	<i>80%</i>	<i>2ª Avaliación</i>
<i>Control Sistemas con int. xeométrica</i>	<i>20%</i>	
<i>Exame Análise, Álgebra e Xeometría</i>	<i>50%</i>	<i>3ª Avaliación</i>
<i>Exame Final</i>	<i>50%</i>	

CUALIFICACIÓN FINAL:

<i>15 %</i>	<i>1ª AVALIACIÓN</i>
<i>40 %</i>	<i>2ª AVALIACIÓN</i>
<i>45 %</i>	<i>3ª AVALIACIÓN</i>

O alumnado terá a posibilidade, unha vez rematado o exame final, de presentarse a unha proba formada por catro preguntas (unha de cada bloque) que permitirá subir un máximo de 1,6 puntos a nota final.

Ao tratarse de avaliación continua NON se realizara ningún tipo de recuperación de ningún dos exames.

A cualificación de cada avaliación calcularase a partir das notas obtidas en cada unha das probas escritas realizadas ata o momento. Dado que estas cualificacións poden ter cifras decimais e nos boletíns e actas deben consignarse cun valor enteiro entre 1 e 10 o profesor utilizara o resto dos instrumentos de avaliación para aproximar as cualificacións dos exames por defecto ou exceso ao devandito valor enteiro.

Avaliación final ordinaria do mes de xuño

Un día cada semana do curso, agás a semana dos exames, todos os alumnos poderán entregar exercicios de modo voluntario para a súa corrección (serán parte dos exercicios que queden sen facer en cada un dos boletíns). Este traballo poderá ser tido en conta positivamente a hora da cualificación.

A nota final será a media das tres avaliacións ponderada coas porcentaxes anteditas e sometida as correccións e redondeos que procedan en virtude do traballo desenvolvido e conforme aos criterios expostos. O requisito para aprobar a materia será obter unha cualificación mínima de 5 no cálculo da nota final.

Para os alumnos que, segundo o establecido polo noso R.R.I., perdesen o seu dereito á avaliación continua por absentismo inxustifico, a cualificación final ordinaria de xuño será á que resulte dun exame extraordinario global (de toda a materia) a celebrar, se é o caso, nas derradeiras datas do curso.

Avaliación final extraordinaria do mes de xuño

Os alumnos que non superen a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, poderán realizar unha proba no mes de xuño, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade e segundo o calendario e horario fixado polo centro. Consideraremos que a materia está superada cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Adaptacións necesarias no caso de ensino non presencial

- Aplicarase o **plan de confinamento** desenvolvido polo centro.
- Empregarase Aula virtual do centro para a realización de todo tipo de actividade pedagóxica, entrega e recollida de tarefas, ou calquera comunicación profesor-alumno que fose necesaria.

- No caso de alumnos con dificultades pola fenda dixital, se fose necesario aplicaríamos o punto 9 do plan de confinamento elaborado polo centro.

Adaptación ao ensino semipresencial Matemáticas II

Nos primeiros días de clase o alumno deberá entrar e presentarse na aula virtual. Isto garante unha canle de comunicación e o acceso ao material depositado e compartido en dita aula

As persoas que non asisten presencialmente a clase, ou asisten á clase en streaming (se o centro e a aula dispón dos medios) ou poderán seguir a clase en diferido (vídeo subido á aula virtual).

As actividades serán recollidas en papel ou en dixital (manuscritas e con nome en tódalas páxinas), fotografadas/escaneadas e enviadas á aula virtual do centro, (dependendo dos medios que dispoñan os alumnos pero preferiblemente en formato pdf).

Metodoloxía no caso de ensino non presencial Matemáticas II

Non caso de ensino non presencial de toda a clase, de cada apartado de cada unidade temática:

1º apuntamentos (en pdf) colocados ou na aula virtual do centro.

2º Explicación en vídeo por parte do profesor con realización de exemplos na aula virtual.

3º Actividades:

3.1. De asentamento dos coñecementos (actividades subidas a aula virtual con solución para que fagan ó seu ritmo, favorecendo a súa autonomía e autocorrección

3.2) Avaliables, que o alumno que deberá entregar en prazo para a súa corrección é avaliación.

4º Rematado o prazo de entrega, vídeo ou pdf de resolución desas actividades (e subido á aula virtual) e cualificación das actividades entregadas.

[Subir ao índice](#)

5º Foro de consulta e resolución de dúbidas (nun horario previamente pactado cos alumnos e coordinado polo titor/a se é o caso)

A nota deste período será a media de tódalas actividades propostas, tendo en conta as porcentaxes descritas anteriormente.

BACHARELATO: MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I

Detección de aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior

Durante o primeiro mes de curso tratarase de detectar aqueles alumnos que, aparentemente, teñan dificultades coas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, e intentarase o reforzo na aula ou impartiráselle os contidos por primeira vez ao comezo de cada unidade temática.

Secuencia de contidos de Matemáticas Aplicadas I

Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas e competencias clave.

- 1.- Recoñecer e identificar as características do método científico e aplicalo en situacións concretas. Planear, aplicar e integrar as destrezas e habilidades propias do traballo científico, valorar e respectar o traballo individual ou en grupo
- 2.- Recoñecer os materiais e instrumentos básicos dun laboratorio de Bioloxía e de Física-Química e respectar as normas de seguridade e eliminación de residuos.
- 3.- Realizar un traballo experimental e de investigación, individual ou en grupo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados co erro correspondente.
- 4.- Utilizar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas
- 5.- Catalogar os niveis de organización da materia viva, diferenciar a materia viva da inerte e as principais estruturas celulares e as súas funcións.
- 6.- Diferenciar os tecidos máis importantes do ser humano e a súa función.
- 7.- Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes e expresar os resultados co erro correspondente.

- 8.- Utilizar as propiedades dos números racionais e decimais para operar con eles, utilizando a forma de cálculo e notación adecuada
- 9.- Recoñecer a importancia dos modelos atómicos para comprender a estrutura interna da materia.
- 10.- Interpretar a ordenación dos elementos na táboa periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos
- 11.- Describir como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupacións resultantes. Coñecer os tipos de carga eléctrica e o seu papel na constitución da materia.
- 12.- Diferenciar entre átomos e moléculas, entre elementos e compostos, en sustancias coñecidas.
- 13.- Formular e nomear compostos binarios segundo a IUPAC
- 14.- Descubrir, a partir do coñecemento do concepto de saúde e enfermidade, e os factores que os determinan.
- 15.- Clasificar as doenzas, coñecer as máis frecuentes, as súas causas, prevención e tratamento
- 16.- Valorar e identificar hábitos e estilos de vida saudables, como método de prevención de doenzas e recoñecer a importancia da prevención e as consecuencias positivas das doazóns.
- 17.- Determinar o funcionamento básico do sistema inmune e as continuas contribucións das ciencias biomédicas e describir a importancia do uso responsable dos medicamentos.
- 18.- Describir a nivel molecular o proceso de transformación de reactivos en produtos (teoría da colisión)
- 19.- Deducir a lei de conservación de masa e recoñecer reactivos e produtos en experiencias sinxelas de laboratorio.
- 20.- Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente.
- 21.- Investigar as alteracións producidas por distintos tipos de sustancias aditivas, as consecuencias para o individuo e a sociedade e elaborar propostas de prevención e control
- 22.- Resolver problemas da vida cotiá nos que se precise formular e resolver ecuacións de primeiro e segundo grado, e sistemas de dúas ecuacións con dúas incógnitas.
- 23.- Recoñecer a diferenza entre nutrición e alimentación. Diferenciar os principais nutrientes e as funcións básicas..
- 24.- Relacionar a dieta e o exercicio coa saúde a través de exemplos prácticos.
- 25.- Explicar os procesos fundamentais da nutrición, utilizando esquemas gráficos.
- 26.- Identificar os compoñentes e o funcionamento dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor
- 27.- Describir os procesos implicados nas funcións de relación e os sistemas e aparellos implicados e recoñecer e diferenciar os órganos dos sentidos.
- 28.- Explicar a misión integradora do sistema nervioso e endócrino.
- 29.- Identificar os principais osos e músculos e analizar as relacións funcionais entre eles.
- 30.- Referir os aspectos básicos do aparello reprodutor, e interpretar debuxos e esquemas.

- 31.- Clasificar e comparar os métodos anticonceptivos e valorar a importancia deles na prevención de doenzas de transmisión sexual. Coñecer as técnicas de reprodución asistida.
- 32.- Recoñecer e describir os elementos e as propiedades características das figuras planas e as transformacións que levan dunha figura a outra mediante un movemento no plano.
- 33.- Utilizar o teorema de Tales para calcular as dimensións reais de figuras dadas en mapas ou planos , coñecendo a escala.
- 34.- Identificar e comparar as fontes de enerxía empregadas na vida diaria, nun contexto global que implique aspectos económicos e ambientais e valorar a importancia dun consumo responsable de enerxía.
- 35.- Relacionar os procesos xeolóxicos externos coa enerxía que os activa e identificar as causas que fan que o relevo difira dun lugar a outro.
- 36.- Analizar e valorar a acción da auga sobre o relevo, tanto das augas superficiais, como das subterráneas e do mar, identificando as formacións resultantes.
- 37.- Analizar a acción xeolóxica do vento e dos glaciares e xustificar as formas de erosión e depósitos resultantes.
- 38.- Indagar e identificar os factores que condicionan a modelaxe da paisaxe na zona próxima ao alumnado. Valorar a importancia da especie humana como axente xeolóxico externo.
- 39.- Analizar as actividades sísmica e volcánica, as características e efectos. Valorar a importancia de coñecer os riscos e as formas de previlos.
- 40.- Analizar os compoñentes do solo e as relacións entre eles e valorar a súa importancia e os riscos que comporta a sobreexplotación ou perda
- 41.- Coñecer os elementos que interveñen no estudo das funcións e a súa representación gráfica .
- 42.- Identificar relacións da vida cotiá que poidan modelizarse mediante unha función lineal
- 43.- Describir conxuntos de datos mediante táboas e gráficas .
- 44.- Analizar e interpretar a información estatística que aparece na vida diaria e valorar a súa representatividade e fiabilidade

Contidos do Curso :

- 1.- O método científico. Etapas
- 2.- Traballo no laboratorio.
- 3.- Traballo experimental: planificación, realización, reflexión sobre os resultados e presentación de conclusións. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual ou en grupo.
- 4.- Niveis de organización da materia viva. Diferencias coa inerte.

- 5.- Utilización de medios tecnolóxicos para recollida de datos, representacións gráficas ou elaboración de informes.
- 6.- A célula: animal, vexetal, eucariota e procariota. Estructuras celulares e funcións. Tecidos humanos máis importantes.
- 7.- Medida de magnitudes, sistema internacional de unidades. Notación científica.
- 8.- Potencias de números naturais con expoñente enteiro. Significado e uso. Potencias de base 10. Operacións con números expresados en notación científica. Xerarquía de operacións. Números decimais e racionais, operacións con fraccións e decimais.
- 9.- Estructura atómica. Modelos atómicos. Isótopos.
- 10.- Sistema periódico dos elementos. Elementos e compostos de especial interese biomédico, industrial ou tecnolóxico.
- 11.- Unións entre átomos: moléculas e cristais. Masas atómicas e moleculares. Carga eléctrica e forza eléctrica
- 12.- Formulación e nomenclatura de compostos binarios (IUPAC)
- 13.- Transformación de expresións alxébricas cunha indeterminada. Igualdades notables. Operacións elementais con polinomios.
- 14.- Saúde e doenza: infecciosas e non infecciosas. Factores que a determinan. Hixiene e prevención. Hábitos de vida saudables. Doazóns e transplantes.
- 15.- Sistema inmunitario; vacinas, soros, antibióticos. Uso responsable de medicamentos
- 16.- Reacción química. Cálculos estequiométricos sinxelos. Lei de conservación da masa.
- 17.- A química na sociedade e no ambiente
- 18.- Sustancias aditivas: tabaco, alcohol, drogas. Problemas asociados
- 19.- Ecuacións de segundo grao cunha incógnita; resolución por distintos métodos. Sistemas lineais de dúas ecuacións con dúas incógnitas. Resolución de problemas mediante a utilización de ecuacións e sistemas.
- 20.- Alimentación e nutrición: tipos e funcións básicas. Dieta e saúde. Trastornos da conduta alimentaria.
- 21.- Anatomía e fisioloxía dos aparellos relacionados coa nutrición.
- 22.- Funcións de relación: sistema nervioso e endócrino; órganos dos sentidos.
- 23.- Aparello locomotor: organización e relación funcional entre as partes.
- 24.- Reprodución humana: anatomía e fisioloxía. Análise de métodos anticonceptivos e de técnicas de reprodución asistida.
- 25.- Xeometría do plano: ángulos, áreas e perímetros de polígonos. Lonxitude e área de figuras circulares. Translacións, xiros e simetrías no plano
- 26.- Teorema de Tales. División dun segmento. Aplicación á resolución de problemas.
- 27.- Fontes de enerxía. Uso racional.

28.- Modelaxe do relevo. Procesos xeolóxicos externos: augas superficiais, subterráneas, acción do mar, vento, xeo e seres vivos. Paisaxe galega.

29.- Procesos xeolóxicos internos: manifestacións da enerxía interna, vulcanismo e sismicidade. Importancia da súa prevención

30.- O solo como ecosistema: compoñentes, importancia e risco da súa sobreexplotación ou perda.

31.- Utilización de modelos lineais para estudar situacións diferentes da vida cotiá, mediante a confección de táboas, representacións gráficas e obtención de expresións alxébricas. Expresión da ecuación da recta.

32.- Fases e tarefas dun estudo estadístico. Variables, frecuencias, e gráficas: construción e interpretación.

No seguinte cadro, os números fan referencia aos obxectivos da materia. Todos os estándares de aprendizaxe posúen unha porcentaxe de peso similar no curso. Os procedementos de avaliación veñen numerados segundo a listaxe desenvolvida abaixo no apartado “procedementos e instrumentos de avaliación”. Ademais cumpriranse tamén os obxectivos de ESO propostos no DOG do 29-6- 15 nas páxinas 25446 e 25447.

	Obxectivos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias básicas
X E R	1	1.- Planear, aplicar e integrar as destrezas e habilidades propias do traballo científico 2.- Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación, observación e	1.- Procura, selecciona, interpreta e transmite información científica a partir de diferentes fontes. 2.- Identifica material e instrumentos de laboratorio, os utiliza respectando as normas de seguridade.(mínimo: uso	Procura e interpreta información científica sinxela. Identifica material e instrumentos de laboratorio e os utiliza. mínimo: uso do microscopio óptico e	PE PO OA TR	CD
	2					
	3					
	4					

A L	<p>argumentación</p> <p>3.- Utilizar fontes de información variadas</p> <p>4.- Participar, valorar e respectar o traballo individual e en grupo</p> <p>5.- Expor e defender en público os traballos realizados.</p>	<p>do microscopio óptico e material de uso frecuente)</p> <p>3.- Realiza pequenos traballos de investigación e experimentación, con autonomía, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e selección de información e presentación de conclusións.</p> <p>4.- Deseña pequenos traballos de experimentación ou investigación sobre diferentes aspectos do currículo e expresa con corrección e coherencia as conclusións da súa investigación.</p> <p>5.- Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo</p>	<p>material de uso frecuente)</p> <p>Realiza pequenos traballos de investigación e experimentación</p> <p>Deseña pequenos traballos de experimentación ou investigación</p> <p>Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo</p>	<p>CAA, CCL</p> <p>CAA, CMCCT, CSIEE</p> <p>CMCCT, CD, CCL CMCCT,</p>
--------	---	---	--	---

						CAA, CD, CSIEE, CCL
Mat e	4	1.- Coñecer e empregar ferramentas matemáticas	1.- .- Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e as usa para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos	Selecciona ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos.(mínimo: uso da calculadora)	PE	CMCCT, CD
	7				PO	
	8				OA	
	22	2.- Utilizar as propiedades dos números racionais e decimais para operar con eles, utilizando a forma de cálculo adecuada	2.- Expresa números en notación científica, opera con eles e utilízalos en problemas contextualizados.	Expresa números en notación científica, opera con eles		CMCCT
	32					
	33	3.- Obter expresións que describan sucesións numéricas, observando regularidades en casos sinxelos	4.- Calcula o valor de expresións de números enteiros, decimais e fraccionarios e potencias, aplicando correctamente a xerarquía de operacións.	Calcula o valor de expresións de números enteiros, decimais e fraccionarios e potencias		CMCCT
		4.- Utilizar a linguaxe alxébrica para expresar unha propiedade ou relación mediante un enunciado, extraendo a	5.- Calcula termos dunha sucesión numérica.	Calcula termos dunha sucesión numérica. (mínimo sucesións aritméticas)		CMCCT , CSC
				Suma, resta e multiplica polinomios		

	información relevante.				CMCC
	5.- Resolver problemas da vida cotiá nos que se precise empregar ecuacións de primeiro e segundo grado, sistemas de ecuacións con dúas incógnitas.	6.- Suma, resta e multiplica polinomios, expresa o resultado en forma de polinomio ordenado e aplica a exemplos da vida cotiá.	Coñece as identidades notables		T
		7.- Coñece as identidades notables e aplicaas nun contexto adecuado.	Resolve ecuacións de segundo grao e sistemas de ecuacións con dúas incógnitas, (mínimo: substitución e redución)		CMCC
		8.- Resolve ecuacións de segundo grao e sistemas de ecuacións con dúas incógnitas, mediante procedementos alxébricos e gráficos.	Formula alxebricamente unha situación da vida cotiá.(mínimo: resolver correctamente problemas sinxelos) Utiliza as propiedades da mediatriz e bisectriz para resolver problemas xeométricos sinxelos.		T
	6.- Recoñecer as transformacións que levan dunha figura a outra	9.- Formula alxebricamente unha situación da vida cotiá mediante ecuacións e sistemas de ecuacións.			CMCCT, CSC, CAA
	7.- Recoñecer e describir os elementos e propiedades das figuras planas, os corpos xeométricos elementais e as súas configuracións xeométricas	10.- Utiliza as propiedades da mediatriz e bisectriz para resolver problemas xeométricos			CMCCT
	8.- Utilizar o teorema de Tales e fórmulas usuais				CMCCT

		para realizar medidas indirectas.				, CSIEE CMCCT CMCC T CMCC T
--	--	-----------------------------------	--	--	--	--

	<p>9.- Calcular as dimensións de figuras reais en mapas ou planos usando escalas</p> <p>10.- Coñecer os elementos que interveñen no estudo das funcións e a súa representación gráfica.</p> <p>11.- Elabora informacións estatísticas para describir un conxunto de datos mediante táboas e gráficas.</p> <p>12.- Calcular e interpretar os parámetros de dispersión dunha variable estatística para resumir os datos .</p> <p>13.- Analizar e interpretar a información estatística que aparece en medios de comunicación e valorar a</p>	<p>11.- Calcula perímetros e áreas de polígonos, lonxitude e da circunferencia en problemas contextualizados, aplicando fórmulas e técnicas axeitadas.</p> <p>12.- Divide un segmento en partes proporcionais a outros datos e establece relacións de proporcionalidade entre elementos homólogos de polígonos semellantes.</p> <p>13.- Calcula dimensións reais de medidas de lonxitudes en planos, mapas....(mínimo: escalas numéricas)</p> <p>14.- Interpreta unha función dada graficamente e asocia enunciados de problemas a gráficas</p>	<p>Calcula perímetros e áreas de polígonos, a lonxitude da circunferencia (mínimo para cadrado, rectángulo, triángulo, trapecio e círculo)</p> <p>Resolve exercicios co Teorema de Tales.</p> <p>Calcula dimensións reais de medidas de lonxitudes (mínimo: escalas numéricas)</p> <p>Interpreta unha función dada graficamente</p> <p>Constrúe gráficas a partir de enunciados</p>		<p>CMCCT, CSC, CAA</p>
--	--	---	---	--	--------------------------------

		súa representatividade e fiabilidade	<p>15.-Constrúe gráficas a partir de enunciados e describe o fenómeno exposto asociando a expresión analítica que lle poida corresponder.</p> <p>16.- Distingue poboación e mostra e elabora táboas de frecuencias e obtén información da táboa elaborada</p> <p>17.- Utiliza o vocabulario axeitado para describir, analizar e interpretar información estadística.</p>	<p>Distingue poboación e mostra, mediana, moda e media.</p> <p>Utiliza o vocabulario axeitado para describir, analizar e interpretar información estadística sinxela</p>		
F - Q	1 2 3	1.- Recoñecer e identificar as características do método científico. Aplicar o método científico.	<p>1.- Formula hipóteses para explicar fenómenos</p> <p>2.- Rexistra observacións, datos e resultados de xeito rigoroso e comunicaos empregando táboas, gráficos e expresións matemáticas</p>	-Formula hipóteses sinxelas para explicar fenómenos.	PE PO OA	CAA CMCC T
	7 9		3.- Realiza medicións	-Rexistra observacións, datos e resultados	PE PO	

10		prácticas de magnitudes físicas e expresa os resultados no S.I. de unidades.	empregando táboas e gráficos		CMCCT
11					
12					
13		4.- Representa o átomo a partir do número atómico e número másico, describe as características das partículas subatómicas e determina o número de cada tipo de partícula.(mínimo: cálculo dos protóns, neutróns e electróns)	-Realiza medicións magnitudes físicas (mínimo:masa, temperatura, volume e lonxitude)		
18					
19	2.- Recoñecer os modelos atómicos e ver a súa necesidade para comprender a estrutura interna da materia.				
20					
34					
	3.- Interpretar a ordenación dos elementos da táboa periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.	3.- Xustifica a actual disposición dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica.	-Xustifica a disposición dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica		CMCCT
	4.- Diferenciar átomos de moléculas, elementos de compostos e substancias de uso frecuente. 5.- Describe como se unen os átomos e explica propiedades das agrupacións resultantes	4.- Explica o proceso de formación dun ión e o de agrupación de átomos para formar moléculas, clasificándoas segundo a súa fórmula química.	-Coñece a formación de ións por ganancia a ou perda de electróns		CMCC T
		5.- Mide a concentración de diferentes disolucións	-Mide a concentración de diferentes disolucións	OA	CMCCT

Bi - X e	1	1.- Identificar a célula como constituínte mínimo vivo e diferenciar materia viva de inerte e cataloga os niveis de organización da materia viva	1.- Establece comparacións entre materia inerte e viva, entre célula animal e vexetal e entre procariota e eucariota e describe os orgánulos máis importantes.	Describe núcleo, mitocondrias, cloroplastos, retículos e ribosomas	PE PO OA TR	CMCCT	
	2	2.- Diferenciar os tecidos máis importantes do ser humano e a súa función	2.-Recoñece os principais tecidos do corpo humano e asóciaos á súa función.	Describe e asocia polo menos tecido epitelial, muscular, nervioso e sanguíneo		CMCCT	
	3					CMCCT , CSC	
	5	3.- Coñecer o concepto de saúde e enfermidade e clasificar as doenzas máis comúns	3.- Recoñece as doenzas e as infeccións máis comúns, as relaciona coas súas causas e argumenta as implicacións dos hábitos de vida para a saúde.	Recoñece como mínimo dúas doenzas de orixe infeccioso e dúas non infecciosas			
	6	4.- Valorar e identificar hábitos de vida saudables e métodos de prevención das doenzas	4.- Explica en que consiste o proceso de inmunidade e valora as vacinas como método de prevención, así como detalla a importancia das doazóns para a sociedade	Coñece as definicións de inmunidade e vacina			CMCCT , CSC
14	CMCCT , CSC						
15	5.- Determinar o funcionamento do sistema inmune e coñecer a importancia das doazóns e das vacinas.					CMCCT , CSC	
16							
17							
21							
23							
24						CMCCT , CSC	

	<p>6.- Recoñecer as consecuencias para o individuo e a sociedade de seguir condutas de risco</p> <p>7.- Recoñecer a diferenza entre alimentación e nutrición, e diferenciar os principais nutrientes e as súas funcións básicas.</p> <p>8.- Relacionar as dietas coa saúde</p> <p>9.-Explicar os procesos fundamentais da nutrición, da relación e da reprodución e as súas funcións.</p> <p>10.- Identificar os compoñentes dos diferentes sistemas e aparellos relacionados coas funcións de nutrición, relación e reprodución.</p> <p>11.- Recolle información sobre doenzas coñecidas, as súas causas e prevención.</p>	<p>5.-Detecta situacións de risco e identifica as consecuencias de seguir condutas de risco con substancias aditivas.</p> <p>6.- Deseña hábitos nutricionais saudables mediante a elaboración de dietas equilibradas e relaciona cada nutriente coa súa función no organismo.(mínimo)</p> <p>7.- Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, aparellos e sistemas implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución e establece as funcións de cada un</p>	<p>Identifica as consecuencias de seguir condutas de risco con alcol e drogas.</p> <p>Deseña hábitos nutricionais saudables e relaciona cada nutriente coa súa función no organismo</p> <p>Pode situar nun esquema os órganos de cada sistema</p> <p>Relaciona cada enfermidade coa causa e como previla</p>		<p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p> <p>CMCCT , CSC</p> <p>CMCCT , CSC</p>
--	---	--	--	--	---

				Clasifica os métodos de anticoncepción e define a fecundación in vitro.		CMCCT CMCCT CMCCT , CSC
	<p>12.- Compara e clasifica os diferentes métodos anticonceptivos</p> <p>13.-Identifica algunhas das causas que fan que o relevo sexa diferente segundo as zonas</p> <p>14.- Relaciona os procesos xeolóxicos coa fonte de enerxía que os activa</p>	<p>9.- Discrimina os métodos de anticoncepción humana e identifica as técnicas de reprodución asistida. (mínimo clasificar os métodos e definir a fecundación in vitro)</p> <p>8.- Identifica as doenzas máis comúns relacionadas cos diferentes aparellos ou sistemas, as relaciona coas súas causas , cos factores de risco e coa súa prevención.</p>		<p>Identifica: modelado eólico, glaciación e mariño, rochas graníticas e rochas carbonatadas</p> <p>Discrimina os procesos xeolóxicos externos e internos.</p>		<p>CMCCT, CSC, CAA</p> <p>CMCCT, CSC, CAA</p>

	<p>15.- Analiza a acción dos diferentes axentes xeolóxicos e identifica formacións comúns que se xeran pola súa acción.</p> <p>16.- Analiza as actividades sísmica e volcánica , as súas características e efectos que xeran.</p> <p>17.- Analiza os compoñentes do solo e valora a importancia do</p>	<p>10.- Identifica a influencia do clima e das características das rochas que condicionan os tipos de relevo e inflúen neles.</p> <p>11.- Relacionan a enerxía cos procesos xeolóxicos externos e internos.</p> <p>12.- Analiza a actividade de erosión, transporte e sedimentación realizado polos diferentes axentes xeolóxicos e recoñece os seus efectos no relevo así como valora a importancia de todos eles e os riscos da súa sobreexplotación.</p> <p>13.- Valora e describe a importancia das actividades humanas na transformación da superficie terrestre</p> <p>14.- Coñece e describe</p>	<p>Analiza a actividade de erosión, transporte e sedimentación do vento, xeo e auga</p> <p>Poñe exemplos da influencia antrópica</p> <p>Coñece a orixe de séismos e volcáns</p>		<p>CMCCT, CSC, CAA</p>
--	--	---	---	--	----------------------------

		mesmo, así como os riscos da sobreexplotación ou degradación	como se orixinan os sismos e o vulcanismo, os efectos que xeran , valora os riscos e coñece as medidas de prevención que se deben adoptar 15.- Recoñece que o solo é resultado da interacción entre factores, a súa fragilidade, e valora protexelo.	Recoñece que o solo é resultado da interacción entre factores.		
--	--	--	---	--	--	--

Indicadores de logro:

- Completar con corrección os nomes das partes e poñen a función de cada unha
- Localizar en debuxos ou gráficos unha determinada parte, estrutura.
- Facer frases asociando términos que estean relacionados ou manteñan algún nexa
- Elaborar pequenos textos ou parágrafos explicativos de fenómenos ou procesos biolóxicos ou xeolóxicos.
- Relacionar palabras que teñan conexión, entre columnas diferentes.
- Localizar erros en pequenos textos e substituílos pola palabra correcta.
- Facer sinxelos debuxos e gráficos representativos dalgunha estrutura biolóxica ou xeolóxica, dalgún concepto matemático ou físico-químico
- Describir en pequenos parágrafos, con corrección as causas e repercusións dalgún fenómeno a partir da visualización de fotos ou imaxes.
- Explicar con palabras o significado dun gráfico para darlle unha interpretación ao representado(funcións, enerxías, reaccións químicas...)
- Completar os que falten en textos, frases, ecuacións, reaccións ou esquemas.
- Definir conceptos claves para a materia.
- Facer cadros comparativos, sinalando diferencias e semellanzas entre o que se compare.
- Buscar a idea principal dun texto, substituír palabras por sinónimas e dar o significado dalgunha outra.
- Deseñar algunha experiencia práctica sinxela relacionada con algún aspecto da materia.

- Elaborar pequenas presentacións para resumir o tema estudado.
- Elaborar mapas conceptuais cos contidos máis importantes e relacionalos entre si.
- Buscar informacións en prensa diaria, para facer un seguimento da actualidade científica
- Redactar o resumo da práctica de laboratorio realizada: material usado, procedemento e conclusión
- Manter ao día o caderno de clase, no que figuren as actividades e traballos encomendados polo profesor.
- Clasifica en categorías diferentes termos relativos a enfermidades, nutrientes, enerxías ...
- Resolve problemas de aplicación dos contidos teóricos
- Completar series segundo un criterio determinado

Niveis de adquisición

Cada indicador de logro será valorado en categorías: moi mal(0) mal (1), regular (2), ben (3), moi ben(4)

Temporalización:

Trimestre	Bioloxía-Xeoloxía	Física-Química	Matemáticas
1º (13 semanas)	*Niveis de organización *Célula *Tecidos *Saúde-Doenza *Sistema inmunolóxico	*SI de medidas *Notación científica *Átomos e moléculas *Formulación	*Números naturais, potencias, igualdades notables *Polinomios *Ecuacións
2º (10 semanas)	Dietas e alimentación Funcións de nutrición	*Reaccións químicas e cálculos estequiométricos	*Sistemas de ecuacións *Xeometría

3º (12 semanas)	Funcións de relación Aparello locomotor Axentes xeolóxicos Solo como ecosistema	*Enerxías	*Funcións *Estatística
------------------	--	-----------	---------------------------

A realización dos traballos experimentais e de investigación farase ao longo do curso de acordo co criterio do profesor, podendo establecerse un por trimestre.

Metodoloxía: Será a mesma que de modo xenérico se indica para o nivel e etapa. Ademais as metodoloxías didácticas darán protagonismo aos recursos e formación dixital, de forma que se desenvolverán actividades que podan ser realizadas tanto de forma presencial como non presencial.

Avaliación-Procedementos-Instrumentos-Criterios de cualificación.

-Procedementos para a realización da avaliación inicial

Para poder avaliar ao noso alumnado correctamente é moi importante saber de onde partimos. É preciso que establezamos o nivel real do alumnado antes de iniciar o proceso de ensino-aprendizaxe tendo en conta o seu historial académico, os seus logros e dificultades. Niso consiste a avaliación inicial ou diagnóstica que terá os obxectivos:

Identificar aprendizaxes previas que marcan o punto de partida para unha nova aprendizaxe.

Detectar carencias, lagoas ou erros que poidan dificultar o logro dos obxectivos formulados.

Deseñar actividades orientadas á nivelación das aprendizaxes.

Detectar obxectivos que xa están dominados, a fin de evitar a súa repetición.

Buscar elementos que permitan planificar obxectivamente axustes ou modificacións na programación.

Establecer metas razoables para valorar os logros escolares.

Adecurar o tratamento pedagóxico ás características e peculiaridades do alumnado.

En definitiva, a avaliación inicial proporcionaranos información sobre os coñecementos previos do alumnado para decidir o nivel no que hai que desenrolar os novos contidos do ensino e as relacións que deben establecerse entre eles. Tamén terá unha función motivadora, na medida en que axuda a coñecer as posibilidades que ofrecerán as novas aprendizaxes.

A avaliación inicial farase ao **principio do curso** dun xeito global da materia, para detectar as dificultades do alumnado e poñer en marcha os mecanismos para a súa resolución (apoio, reforzo, inclusión en agrupamento...), **versará sobre coñecementos incluídos nos contidos mínimos do curso anterior onde prime o razoamento lóxico e a adquisición de competencias básicas**, sobre datos memorísticos. Os resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, en consecuencia, non afectará ás cualificacións dos alumnos.

O longo do curso, antes de iniciar cada tema, tamén se fará unha detección de ideas previas para recoller información sobre o nivel de coñecementos sobre o tema. Tamén **se reforzarán contidos e se traballarán competencias** que se consideren necesarias.

[Criterios de avaliación en relación coas competencias básicas](#)

Neste apartado recollemos as competencias básicas coas referencias numéricas que son habituais:

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática, en ciencia e tecnoloxía

Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico

Competencia dixital

Competencia social e cívica

Conciencia e expresións culturais

Competencia para aprender a aprender

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor

Resolver problemas aplicando procedementos heurísticos relacionados coa particularización e a xeneralización. (C.B. 2, 3, 7, 8)

Utilizar de forma axeitada a calculadora na resolución de problemas relacionados cos números reais, a álgebra, a xeometría, as funcións, estatística e probabilidade. (C.B. 2, 4, 7, 8)

Investigar os conceptos matemáticos e químicos que subxacen no interior dun problema indagando sobre o tipo de cálculos que se deben realizar estimando, con coherencia e precisión, os resultados obtidos. (C.B. 2, 3, 7, 8)

11. Identificar relacións de proporcionalidade en situacións do entorno e utilízalas na realización de medidas e na representación, así como na análise e produción de información e na resolución de problemas matemáticos e físico-químicos.(C.B. 2, 3, 7, 8)

Describir situacións e fenómenos procedentes de calquera ámbito científico e da vida cotiá de Galicia e do Estado mediante a linguaxe alxébrica, para mellorar a capacidade de razoamento lóxico matemático e formalizar o pensamento abstracto. (C.B. 2, 3, 7, 8)

Coñecer as principais características da materia, e as súas utilidades para o ser humano. (C.B. 3, 5, 8)

Recoñecer a importancia ecolóxica, económica e para a saúde dos microorganismos. Recoñecer as funcións comúns a todos os seres vivos aportando datos que evidencien diferentes estratexias e estruturas para levalas a cabo (C.B. 3, 5, 8)

Coñecer os procesos implicados nas funcións de nutrición, relación e reproducións humanas, relacionándoos cos órganos e aparellos que os levan a cabo (C.B. 3, 5, 8)

Obter información sobre características xeométricas e físico-químicas dos obxectos (medidas, composición, posicións, orientacións, etc.) a partir da súa manipulación e observación, así como das súas representacións planas (C.B. 2, 3, 7)

A percepción sensorial e a relación destes elementos coa creación artística e audiovisual (C.B. 3, 4, 6)

Contidos mínimos esixibles

- 1.- Catalogar os niveis de organización da materia viva, diferenciar a materia viva da inerte e as principais estruturas celulares e as súas funcións.
- 2.- Utilizar as propiedades dos números racionais e decimais para operar con eles, utilizando a forma de cálculo e notación adecuada
- 3.- Recoñecer a importancia dos modelos atómicos para comprender a estrutura interna da materia.
- 4.- Formular e nomear compostos binarios segundo a IUPAC
- 5.- Potencias de números naturais con expoñente enteiro. Significado e uso. Potencias de base 10. Operacións con números expresados en notación científica. Xerarquía de operacións. Números decimais e racionais, operacións con fraccións e decimais.
- 6.- Igualdades notables. Operacións elementais con polinomios.
- 7.- A célula: animal, vexetal, eucariota e procariota. Estructuras celulares e funcións. Tecidos humanos máis importantes.
- 8.- Saúde e doenza: infecciosas e non infecciosas. Factores que a determinan. Hixiene e prevención. Hábitos de vida saudables. Doazóns e transplantes.
- 9.- Sistema inmunitario; vacinas, soros, antibióticos. Uso responsable de medicamentos
- 10.- Reacción química. Cálculos estequiométricos sinxelos. Lei de conservación da masa.
- 11.- Ecuacións de segundo grao cunha incógnita; resolución por distintos métodos. Sistemas lineais de dúas ecuacións con dúas incógnitas. Resolución de problemas mediante a utilización de ecuacións e sistemas.
- 12.- Alimentación e nutrición: tipos e funcións básicas. Dieta e saúde. Trastornos da conduta alimentaria.
- 13.- Anatomía e fisioloxía dos aparellos relacionados coa nutrición.
- 14.- Funcións de relación: sistema nervioso e endócrino; órganos dos sentidos.
- 15.- Aparello locomotor: organización e relación funcional entre as partes.

- 16.- Reprodución humana: anatomía e fisioloxía. Análise de métodos anticonceptivos e de técnicas de reprodución asistida.
- 17.- Xeometría do plano: ángulos, áreas e perímetros de polígonos. Lonxitude e área de figuras circulares.
- 18.- Teorema de Tales. División dun segmento. Aplicación á resolución de problemas.
- 19.- Modelaxe do relevo. Procesos xeolóxicos externos: augas superficiais, subterráneas, acción do mar, vento, xeo e seres vivos. Paisaxe galega.
- 20.- Procesos xeolóxicos internos: manifestacións da enerxía interna, vulcanismo e sismicidade. Importancia da súa prevención
- 21.- O solo como ecosistema: compoñentes, importancia e risco da súa sobreexplotación ou perda.
- 22.- Fontes de enerxía. Uso racional.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos son as técnicas previstas para avaliar a progresión do alumnado no proceso de aprendizaxe. Os instrumentos de avaliación son os documentos e rexistros nos que se recollen os resultados da observación sistemática e do seguimento do proceso de aprendizaxe do alumando.

A continuación recóllense os procedementos de avaliación, así como os instrumentos utilizados en cada caso:

	PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS	PORCENTAXE
1	Probas escritas (mínimo tres por avaliación)	Probas escritas	70%
2	Controis de aula: exercicios orais ou escritos, saídas á pizarra. Caderno de clase - laboratorio	Caderno do alumno Probas orais Observación na aula	20%
3	Observación sistemática	-Observación na aula -Rúbrica de avaliación de actitude, comportamento e participación	10%
4	Produción dos alumnos: -Traballos individuais de aula, laboratorio, casa ou actividades complementarias, blogs e outros proxectos. -Traballos en grupo de aula, laboratorio, casa ou se é o caso en actividades complementarias, blogs e outros proxectos.	-Caderno do profesor -Rúbrica de avaliación de traballos	Se fora o caso, ata un 10% dentro do bloque de probas escritas

O caderno do profesor recollerá os resultados da observación sistemática, así como as cualificacións dos diferentes procedementos de avaliación (produccións dos alumnos, máis exposicións dos traballos, participación en actividades complementarias, actitude cara a materia, esforzo e dedicación, boa conduta e respecto polo profesor, compañeiros, o material e dotación do centro e o desenvolvemento de actitudes de respecto cara o contorno e adquisición das competencias básicas).

Rúbrica para observación sistemática

	5	4	3	2	1
PARTICIPACIÓN	Sempre contribúe ás conversacións e explicacións achegando información relevante.	Contribúe ás conversacións e explicacións achegando información relevante.	Ás veces contribúe ás conversacións e explicacións achegando información relevante.	Algunha vez contribúe ás conversacións e explicacións achegando información relevante.	Nunca ou case nunca contribúe ás conversacións e explicacións achegando información relevante.
INTERESE	Sempre demostra interese e/ou entusiasmo polas explicacións e temas tratados na aula	Demostra interese e/ou entusiasmo polas explicacións e temas tratados na aula	Ás veces demostra interese e/ou entusiasmo polas explicacións e temas tratados na aula	Algunha vez demostra interese e/ou entusiasmo polas explicacións e temas tratados na aula	Nunca demostra interese e/ou entusiasmo polas explicacións e temas tratados na aula
CONDUTA ACTITUDE	Escoita sempre, de forma respectuosa e atenta as explicacións e opinións do profesor e os seus compañeiros	Escoita, de forma respectuosa e atenta as explicacións e opinións do profesor e os seus compañeiros	Ás veces escoita, de forma respectuosa e atenta as explicacións e opinións do profesor e os seus compañeiros	Non adoita escoitar as explicacións e opinións do profesor e os seus compañeiros.	Nunca adoita escoitar as explicacións e opinións do profesor e os seus compañeiros. Favorecendo un mal clima de convivencia en clase.

Rúbrica para avaliación de traballos

	5	4	3	2	1
PARTICIPACIÓN NA ELABORACIÓN	Sempre contribuíu ás conversacións, deseño e mantívose activo na elaboración do traballo	Contribuíu ás conversacións, deseño e mantívose activo na elaboración do traballo	Ás veces contribuíu ás conversacións, deseño e mantívose activo na elaboración do traballo	Algunha vez contribuíu ás conversacións, deseño e mantívose activo na elaboración do traballo	Nunca ou case nunca contribuíu á conversacións, deseño e mantívose activo na elaboración do traballo.
CONTIDO	Axustouse perfectamente ao contido da temática do traballo ou das explicacións e temas tratados na aula	Axustouse ao contido da temática do traballo ou das explicacións e temas tratados na aula	Axustouse en parte ao contido da temática do traballo ou das explicacións e temas tratados na aula	Axustouse mal ao contido da temática do traballo ou das explicacións e temas tratados na aula	En ningún momento se axustou ao contido da temática do traballo ou das explicacións e temas tratados na aula
EXPOSICIÓN OU PRESENTACIÓN	Realizou a exposición ou presentou o traballo con claridade e precisión e de xeito magnífico	Realizou a exposición ou presentou o traballo con claridade e de xeito correcto	Por momentos realizou a exposición ou presentou o traballo con claridade e de xeito correcto	Non realizou a exposición ou presentou o traballo coa claridade e corrección esperada.	En ningún momento realizou a exposición ou presentou o traballo cun mínimo de corrección
CUESTIÓNS FORMULADAS POLO PROFESOR	Responde de xeito magnífico ás cuestións formuladas	Desenvolve con coherencia as cuestións formuladas	Desenvolveu en parte as cuestións formuladas	Non desenvolve o suficientemente as cuestións formuladas	En ningún momento foi capaz de responder as cuestións formuladas

Criterios de cualificación

Para a obtención da cualificación procederemos como sigue:

A nota de cada avaliación trimestral obterase a partir de:

1 - Tres probas escritas como mínimo (70 % da nota). Se o alumno non cumpre os obxectivos mínimos establecidos nesta programación non poderá facer media entre exames.

No caso de participación en proxectos didácticos e /ou curriculares, estes valoraranse nun 10 % desta nota final ou parcial se os proxectos son trimestrais).

2 - Controis de aula; saídas á pizarra, exercicios orais ou escritos, prácticas, caderno de clase, traballo diario (20 % da nota).

	PORCENTAXE DE VALORACIÓN
PRÁCTICAS DE LABORATORIO	-
PRESENTACIÓN DO CADERNO DE CLASE	5%
TRABALLO DIARIO/EXERCICIOS	15%

3.- Conduto, comportamento, actitude e interese (10 % da nota). **Pode valorarse positiva ou negativamente, neste caso desconta da nota ata un 10%.**

A aplicación da fórmula anterior seguida do oportuno redondeo, levará á cualificación trimestral definitiva. O alumno ou alumna que nunha avaliación trimestral obteña unha cualificación igual ou inferior a 4 puntos, deberá realizar a correspondente proba de recuperación, que será, con carácter preferente, unha proba escrita eventualmente conmutable por un traballo. A nota obtida na recuperación só terá valor significativo cando sexa superior á obtida na avaliación. Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación, obtida directamente ou despois da recuperación, sexa igual ou superior a 5

Avaliación final ordinaria do mes de xuño

A cualificación final será a media das tres avaliacións trimestrais (antes de aplicar o redondeo). Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado o redondeo sobre a media anterior obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos. Con carácter xeral, para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións. Non obstante, pode superarse a materia cunha avaliación suspensa se a cualificación desta é de 3 ou 4 puntos e a media das tres avaliacións cumpre o indicado. No caso de participación en proxectos didácticos e /ou curriculares, estes valoraranse , como máximo, nun 10 % desta nota final (ou parcial se os proxectos son trimestrais).

Avaliación final extraordinaria do mes de xuño

Os alumnos que non superen a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, poderán realizar unha proba nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e horario fixado polo centro. Consideraremos que a materia está superada cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.